



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de xullo de 2023 (1513/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e un de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(599).- APROBACIÓN ACTAS: Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023 e extraordinaria e urxente do 17 de xullo de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(600).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS INTERPOSTOS POR SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DUN PATROCINIO PUBLICITARIO PARA CELEBRAR UN CONCERTO INTERNACIONAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS EN XUÑO DE 2023. EXPTE. 9713/335.

Dáse conta do informe -proposta do 18/07/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) (PCAP)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, Regulamento xeral de protección de datos (RGPD)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 24 de abril de 2023, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL), aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335), autorizou a gasto, e acordou a apertura do procedemento de licitación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 25 de abril de 2023, iniciándose o prazo de presentación de ofertas, que rematou o 10 de maio. Durante o mesmo presentou oferta unicamente SWEET NOCTURNA, S.L.N.E.

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión do 11 de maio de 2023, procedeu á apertura do Sobre A (Documentación persoal) e adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Outorgar un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula 13.7 do prego de



Concello de Vigo

cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar “Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista”.

Este acordo foi notificado ao licitador o mesmo día.

Terceiro.- O 15 de maio de 2023, mediante documento nº 230139654, SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. (en adiante SWEET NOCTURNA ou o recorrente) presenta documentación.

Cuarto.- Con data do 16 de maio de 2023 a Mesa de Contratación, á vista da documentación presentada por SWEET NOCTURNA no que fai referencia ás prácticas habituais do sector dos concertos e xiras internacionais para a acreditación do requisito ao que se referiu o acordo do 11 de maio de 2023, acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor en relación coa contestación ao requirimento de emenda presentada pola licitadora.

Quinto.- SWEET NOCTURNA, S.L. presenta nova documentación o 30 de maio de 2023 (documentos nº 230151955 e 230152899).

Sexto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 1 de xuño de 2023, acordou:

“Non admitir a SWEET NOCTURNA, S.L. neste procedemento por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio”.

Na mesma sesión se acordou formular ao órgano de contratación a seguinte proposta:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir ao único licitador presentado por non emendar correctamente a documentación presentada para declarar o cumprimento dos requisitos previos á vista do informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio de 2023”.

A decisión de non admitir ao licitador pola Mesa foi notificada o mesmo día ao licitador, previa publicación no perfil de contratante ao abeiro do disposto na cláusula 9 do PCAP e da disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público

Sétimo.- En data 9 de xuño de 2023, tivo entrada no rexistro xeral deste Concello un escrito dirixido por SWEET NOCTURNA ao Concelleiro delegado de Festas (documento nº 230163108), no que tras manifestar a existencia dun compromiso adquirido para a celebración do concerto de GUNS N´ ROSES no Estadio Municipal Abanca Balaídos o 12 de xullo de 2023, comínalle ao pago do importe comprometido, 1.500.000 euros máis IVE, reservándose o exercicio das accións que procedan en caso de incumprimento das citadas obrigas. Este escrito foi remitido por burofax o día 12 de xuño.

Oitavo.- SWEET NOCTURNA presenta nova documentación o 12 de xuño relativa a acreditación dos dereitos de exclusiva de GUNS N´ ROSES.

Noveno.- O 13 de xuño de 2023 SWEET NOCTURNA solicita acceso ao expediente, con obtención de copia de todos os documentos que o conformen así como o seu índice. Esta solicitude é reiterada o día 19 de xuño, indicando documentos concretos do expediente, así como a outros expedientes de contratación artística de artistas tanto nacionais como internacionais tramitados nos últimos 4 anos.

Décima.- O 30 de xuño de 2023, D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., interpón recurso de alzada (documento nº 230200683) contra o acordo da Mesa de Contratación, adoptado na súa sesión do 1 de xuño de 2023, de non admisión desta mercantil no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (expediente 9.713-335) e a proposta formulada á Xunta de Goberno Local de declaración de deserto do citado procedemento, por canto o recorrente era o único licitador que tiña presentado oferta.

Undécima.- A secretaria da Mesa de Contratación, a solicitude da informante, emite informe sobre a impugnación do acordo da Mesa de Contratación de 1 de xuño de 2023 inadmitindo a SWEET NOCTURNA no procedemento que nos ocupa, e formulada en devandito recurso de alzada.

Duodécima.- En data 14 de xullo de 2023, D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., interpón recurso de reposición (documento nº 230211505) contra o acordo da XGL de 8 de xuño de 2023, de declaración de deserto do procedemento que nos ocupa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza das reclamacións formuladas por SWEET NOCTURNA e acumulación de procedementos

SWEET NOCTURNA presenta as seguintes reclamacións e recursos:

1. Unha reclamación de cantidade (documento nº 230163108), o 9 de xuño de 2023, por un importe de importe 1.500.000 euros máis IVE, que xustifica nun presunto compromiso adquirido con este Concello para a celebración do concerto de GUNS N´ ROSES no Estadio Municipal Abanca Balaídos o 12 de xuño de 2023.
2. Un recurso de alzada (documento nº 230200683), o 30 de xuño de 2023, contra o acordo da Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023, de non admisión da oferta da recorrente e proposta de declaración de deserto do procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335). Neste recurso reitera a reclamación de cantidade, como logo veremos, e a configura como unha reclamación de enriquecemento inxusto.



Concello de Vigo

3. Un recurso de reposición (documento nº 230211505), de data 14 de xullo de 2023, contra o acordo da XGL de 8 de xuño de 2023, de declaración de deserto do citado procedemento. Os motivos de impugnación deste recurso son idénticos aos esgrimidos para a impugnación enalzada da proposta de mesa de Contratación. Así mesmo, reitera a reclamación de enriquecemento inxusto xa formulada no recurso de alzada e a xustifica cos mesmos argumentos.

Tanto o recurso de alzada, como o recurso de reposición, pivotan sobre dous eixos:

- Unha serie de actuacións informais que se desenvolveron ao marxe de procedemento administrativo ningún. Consisten nunha suposta reunión de representantes de dúas produtoras, a recorrente e LIVE NATION, con membros da corporación municipal, así como varios correos electrónicos mantidos por aquela cun membro da corporación e un técnico municipal. Estas comunicacións informais, das que non achega proba ningunha, supostamente tiveron por obxecto a celebración dun concerto do grupo GUNS N' ROSES no Estadio Municipal de Balaídos o día 12 de xuño de 2023.
- Un procedemento de contratación, o procedemento aberto dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaidos (expediente 9713-335). Foi aprobado pola Xunta de Goberno local o 24 de abril de 2023. Ao mesmo presentouse un único licitador, o recorrente. No entanto, a Mesa de Contratación, na sesión do 1 de xuño de 2023, acordou, por unha banda, non admitilo por non ter presentado correctamente a documentación persoal requirida na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas, e non ter emendado a mesma correctamente no prazo concedido ao efecto, e por outra, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento. Esta proposta foi aceptada polo órgano de contratación, que adoptou o acordo de declaración de deserto deste procedemento o día 8 de xuño de 2023.

Así, en ambos recursos, o recorrente, entre os motivos de impugnación, mixtura os que serían propios do recurso (alzada ou reposición), con outros relativos á reclamación da suposta cantidade que deixou de percibir e na que considera se enriqueceu inxustamente esta Administración. Polo tanto en ambos casos, formula unha reclamación de enriquecemento inxusto que xa adiantara en escrito de 9 de xuño.

Hai que ter en contra que a lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), determina:

- Que o erro ou a falta de cualificación do recurso por parte do recorrente non suporá obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza a súa verdadeira natureza (artigo 115.2). En consecuencia, non existe impedimento legal para tramitar o recurso de alzada, ou o de reposición, por unha banda, e a reclamación de enriquecemento por outra.
- Que o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que sexa a forma da súa iniciación, potestativamente, poida dispoñer a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión (artigo 57 LPAC).

En consecuencia, a xuízo da informante, dado que a reclamación de enriquecemento inxusto e os recursos de alzada e reposición son formulados pola mesma empresa e se refiren a uns mesmos feitos, por razóns de economía procedimental, propónse á Xunta de Goberno Local a acumulación destes procedementos. Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

Trataremos nos fundamentos xurídicos seguintes, por separado, o recurso de alzada (III), o recurso de reposición (IV) e a reclamación de enriquecemento inxusto (V). Con carácter previo é preciso analizar a falla de contestación a solicitude de acceso ao expediente formulada pola recorrente e que considera que lle ten causado indefensión.

-II-

Falta de contestación as solicitudes de acceso ao expediente

No motivo de impugnación primeiro de ambos escritos de recurso, SWEET NOCTURNA, pon de releve que a falla de acceso ao expediente, así como de información relativa a outros expedientes, causoulle indefensión.

É preciso por de releve a existencia dunha incontestada doutrina xurisprudencial e constitucional que considera que a simple omisión dalgún trámite nun procedemento, administrativo, aínda que fose preceptivo, non determina necesariamente, por si só, a nulidade do mesmo, senón que é preciso ponderar, en cada caso, as consecuencias que tal omisión lle produce ao interesado, e se efectivamente produce un menoscabo ao seu dereito á defensa dos seus intereses. Citaremos por todas, a Sentenza do Tribunal Supremo do 17 de outubro de 2009 e o Ditame do Consello de Estado 1.224/2001, do 7 de xuño. Na mesma liña, Sentenza 144/1996, do 16 de setembro, do Tribunal Constitucional, que afirma que *"la indefensión constitucionalmente relevante es la situación en que, en general, tras la infracción de una norma procesal, se impide a alguna de las partes el derecho a la defensa, eliminando o limitando su potestad, bien de alegar derechos e intereses para que le sean reconocidos, o bien de replicar dialécticamente las posiciones contrarias en el ejercicio del principio de contradicción"*.

O recorrente, como interesado neste procedemento, ten dereito a acceder e obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos (artigo 53.1.a LPAC). No caso do recorrente, dado que está obrigado, na súa condición de persoa xurídica a relacionarse electrónicamente coa Administración *"tendrán derecho a consultar la información a la que se refiere el párrafo anterior, en el Punto de Acceso General electrónico de la Administración que funcionará como un portal de acceso. Se entenderá cumplida la obligación de la Administración de facilitar copias de los documentos contenidos en los procedimientos mediante la puesta a disposición de las mismas en el Punto de Acceso General electrónico de la Administración competente o en las sedes electrónicas que correspondan"*. O prazo para facilitar esta información, a falta de regulación expresa, será o supletorio de 3 meses fixado no artigo 21.3 da LPAC, polo que aínda non se incumpriu por parte desta Administración.

No caso que nos ocupa, se ben, é certo que aínda non se lle deu acceso ao expediente ao interesado, por canto estaban pendentes de resolución numerosas solicitudes de acceso a información, formuladas tanto por particulares como por membros da corporación local. A realidade é que para os documentos necesarios para impugnar a súa exclusión do procedemento, singularmente as actas da mesa de contratación, están publicadas no perfil de contratante do Concello de Vigo, e dos escritos presentados se deduce que o recorrente tivo acceso as mesmas. Así mesmo, o informe da xefa do servizo de Festas, en base ao cal a mesa acorda non admitir ao recorrente no procedemento de referencia, está incorporado ao contido da acta de 1 de xuño de 2023, polo que o recorrente tamén tivo acceso á mesma. No obran no expediente outros documentos distintos dos presentados polo recorrente, único licitador que presentou oferta neste procedemento. En consecuencia, a xuízo da informante, non se lle causou indefensión. Se ben, é preciso darlle acceso ao expediente, así como dar



Concello de Vigo

traslado á Secretaría Xeral das peticións de información ao formuladas ao abeiro da Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno, no marco do respecto ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, Regulamento xeral de protección de datos (RGPD) (artigo 5.3 LTAIBG). É preciso recordarlle ao recorrente que o prazo para facilitar a información solicitada é de 1 mes, dende a recepción da solicitude, que poderá ampliarse noutro mes, no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicite así o fagan necesario, e previa notificación ao interesado (artigo 20.1 LTAIBG). Prazo que aínda non rematou tampouco, polo que non existe incumprimento por parte desta Administración.

-III-

Recurso de alzada

1.- Obxecto do recurso de alzada

É obxecto desta impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 1 de xuño de 2023, polo que non se admite a SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaidos (expediente 9713-335), e se formula ao órgano de contratación proposta de declaración de deserto deste procedemento por ser o recorrente o único licitador que se presentou ao mesmo.

2.- Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de non admisión.

Son causas de non admisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior un xerárquico, o órgano de contratación, é dicir, a Xunta de Goberno local, procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a SWEET NOCTURNA por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

O poder de representación da persoa que interpuxo o recurso consta en poder desta Administración.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC).

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinala para os efectos de notificacións



Concello de Vigo

- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 1 de xuño de 2023 e se notificou ao interesado o mesmo día, a interposición do recurso de alzada o 30 de xuño realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

3.- Motivos de impugnación da resolución recorrida

A recorrente, entre os motivos de impugnación do recurso de alzada mixtura tanto os que se refiren a impugnación (segundo a sétimo), como outros relativos á falla de acceso ao expediente (primeiro, xa tratado no fundamento xurídico anterior), ou a reclamación de enriquecemento inxusto (oitavo ao décimo). Estes últimos serán tratados no fundamento xurídico IV.

Sobre os motivos de impugnación do acordo da Mesa de Contratación impugnado, informa a Secretaria da Mesa de Contratación, en data 4 de xullo de 2023 (trámite 199 do expediente), o seguinte:

“INFORME EN RELACIÓN CO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D^a. RAQUEL SEIJO ENRÍQUEZ, EN REPRESENTACIÓN DE SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., CONTRA O ACORDO DE EXCLUSIÓN E PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO, ADOPTADO POLA MESA DE CONTRATACIÓN NA SÚA SESIÓN DO 1 DE XUÑO DE 2023

Antecedente de feito decimo oitavo.-

Solicita o recorrente, en relación co acordo da Mesa de Contratación do 16 de maio de 2023 no que se solicitou “informe ao servizo xestor en relación coa contestación ao requirimento de emenda presentada pola licitadora”, que “se nos informe/confirme si dicho acuerdo se habría adoptado por “unanimidad” o no, y en caso de que no se haya adoptado por “unanimidad” se nos informe/explique la razón de reflejar en un Acta pública algo que no se corresponde con la realidad/verdad”.

En relación con esta cuestión só se pode informar que a acta do 16 de maio de 2023, co contido que figura no perfil de contratante e no portal de transparencia, foi asinada por todos os asistentes os días 16, 17, 18 e 22 de maio de 2023 polo que se entendeu aprobada na mesma sesión ao abeiro do previsto no artigo 18.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Procede la anulación del Acuerdo (de exclusión) y Propuesta (de declaración de desierto) en tanto que la causa que se ha

venido a esgrimir no se encuentra expresamente prevista en la documentación rectora del procedimiento licitatorio

Alega o recurrente que nin os pregos da licitación e, en particular o PCAP, en ningunha das súas cláusulas nin anexos prevé expresamente como explícita causa de exclusión (nin menos aínda como posible causa de declaración de deserto) do procedemento a que se esgrimiu pola Mesa de Contratación no acordo-proposta que se recorre.

Prevé a cláusula 18.1 do PCAP “APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS” que:

- “[...] No prazo máximo de vinte días contado dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas, a Mesa reunirse para a cualificación da documentación do sobre A e a apertura do sobre B. Con carácter previo á cualificación do sobre A pola Mesa, reuniranse a Secretaría e a Presidencia para a súa descriptación.
- Cualificada a documentación do sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación aos licitadores que teñan presentado correctamente a documentación persoal.
- Se a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións no DEUC ou nas declaracións responsables que se inclúen no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador neste procedemento, notificaralle aos interesados esta circunstancia, concedéndoselles un prazo de tres días para que os corrixan ou emenden”.

Está claro que o PCAP encomenda á Mesa de Contratación a admisión unicamente daqueles licitadores que “teñan presentado correctamente a documentación persoal”, polo que non cabe interpretar que procede a admisión de todos os licitadores con independencia de se a documentación presentada é correcta ou non. No entanto, en cumprimento do previsto no artigo 326.2a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), contéplase, con carácter previo á exclusión, a posibilidade de emenda, posibilidade que a Mesa de Contratación concedeu ao recurrente no acordo adoptado na sesión do 11 de maio de 2023 nos seguintes termos:

“Outorgar un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula 13.7 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar “Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista””.

O citado artigo 326.2 LCSP recolle entre as funcións da Mesa de Contratación:

“a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten dito cumprimento, previo trámite de emenda”.



Concello de Vigo

O artigo 22.1b) do RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 prevé, na mesma liña, que á Mesa de Contratación “Determinará os licitadores que deban ser excluídos do procedemento por non acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares”.

En base ao anterior, o acordo recorrido adoptouse pola Mesa de Contratación no exercicio das funcións que lle atribúen tanto o PCAP (cláusula 18.1) como a normativa contractual (artigo 326.2 LCSP e artigo 22.1b) do RD 817/2009).

TERCERO.- Procede la anulación del Acuerdo (de exclusión) y Propuesta (de declaración de desierto) en tanto que concurren sendas irregularidades que invalidan la decisión adoptada por la Mesa de Contratación

Invoca a recorrente “a concorrencia de sendas irregularidades tanto na composición da Mesa de Contratación como na adopción do controvertido acordo, amén de outras moitas anomalías que circundan o proceso de conformación da vontade do órgano de asistencia”:

- Respecto da celebración da sesión con posterioridade aos comicios electorais, infórmase que segundo o disposto no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, corresponderá ao presidente da mesa de Contratación, entre outras funcións:

“b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros, sempre que teñan sido formuladas coa suficiente antelación”.

No apartado 3 do citado artigo prevese que os membros do órgano colexiado deberán “Recibir, cunha antelación mínima de 2 días, a convocatoria contendo a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros en igual prazo”.

En aplicación do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (“Cómputo de prazos”) se entende que este prazo é de 2 días hábiles.

O 22 de maio de 2023 ás 22:39 horas a xefa do Servizo de Festas emitiu informe pero xa fora convocada o 19 de maio unha sesión da Mesa de Contratación para o día 24. A orde do día desta sesión non puido ampliarse para incluír o asunto do expte. 9713-335 porque segundo o acordo adoptado pola Mesa de Contratación do 6 de setembro de 2019, só se permite ampliar as sesións para incluír propostas de adxudicación con motivo da recepción da correspondente documentación. Por este motivo o asunto quedou pendente de incluír na seguinte sesión que se convocou o luns 29 de maio.

- En relación co voto en contra da xefa do Servizo de Festas, que formulou voto particular para manifestar a súa oposición a que se adoptase o

acordo da Mesa en base ao seu informe, e a “evidencia de certas discrepancias e desacordos entre os membros da Mesa de Contratación” cómpre sinalar que no non previsto na lexislación contractual, haberá que estar ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Sinala o artigo 19.3c) que os membros do órgano colexiado deberán “Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican[...]”.

- Alégase que a Mesa de Contratación, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas de data 22 de maio de 2023 no que manifesta “non ter capacidade para valorar si a documentación achegada pola licitadora acredita o cumprimento do requisito esixido no PCAP, en concreto non se pode concluír se coa documentación achegada consta acreditado en Dereito a cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista”, debeu solicitar o “correspondente asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados sobre a concreta materia, tal e como establece/permite o artigo 326.5 da LCSP”. E afirma, que o acordo recorrido adoecería de falta de motivación ou motivación incorrecta.

Como ben indica o recorrente o citado artigo indica que a Mesa “poderá, así mesmo, solicitar o asesoramento...”, non deberá.

Por outra banda, como se reflicte na acta do 1 de xuño de 2023, “a mesa toma razón do informe do servizo xestor que, en relación coas alegacións formuladas pola licitadora sobre as prácticas habituais do sector non se pronuncia, no entanto, sinala que consta presentado un “contrato de prestación de servizos asinado entre o manager, neste caso licitador, e as compoñentes do grupo artista. Non consta documento similar na documentación aportada por SWEET NOCTURNA, S.L.” noutro suposto de concerto nacional”.

- En relación coa manifestación de que “non se valorou a documentación achegada pola miña representada para acreditar o seu dereito de representación e exclusividade”, faise constar que na acta do 1 de xuño de 2023 consta o seguinte:

“[...] A Mesa comproba que a documentación achegada polo licitador o 15 de maio de 2023 non é a requirida no prego (“Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista”), senón unha “copia” á que se refiren como deal memo na que só figura a imaxe da sinatura dunha das partes.

Dáse conta aos membros da Mesa de que o 30 de maio de 2023 se presentaron a través do Rexistro os seguintes escritos:

- Escrito presentado por SWEET NOCTURNA, S.L. o 30 de maio de 2023 (documento nº 230151955) no que se incorpora o informe técnico da Asociación Galega de Empresas Musicais respecto á acreditación da re-



Concello de Vigo

presentación en exclusiva dun/dunha formación musical ou solista nos procedemento coa Administración Pública.

- Escrito presentado por SWEET NOCTURNA, S.L. o 30 de maio de 2023 (documento nº 230152899) no que se achega unha declaración asinada polo representante de International Talent Booking o 30 de maio de 2023 de posuír a representación de Guns N' Roses, así como unha explicación de Live Nation España Black Star, S.L., tamén asinada o 30 de maio de 2023, no que indica que non existe un "contrato individual" para a actuación do artista, senón que este subscribiu co representante de International Talent Booking un "acordo global coa nosa empresa matriz para a organización e xestión de toda a súa xira 2023". Así mesmo, fai constar que "En base a los términos de dicho Acuerdo global, desde esta parte, Live Nation España Black Star, S.L. con CIF B44673580, hemos suscrito con nuestra empresa matriz el contrato de básicos que ya les hemos entregado, y, por el cual, se nos transfieren en exclusiva todos los derechos y obligaciones para la realización de las dos únicas actuaciones del Artista a realizarse en España durante el año 2023".

Non só se dá conta da documentación senón que a Mesa a cualifica nos seguintes termos:

"Á vista dos antecedentes citados, concorrería un suposto de non admisión do licitador, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio.

A documentación achegada o 30 de maio é extemporánea, non incorpora a "Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista" esixida na cláusula 13.7 do PCAP e requirida na sesión do 11 de maio de 2023, e en todo caso, non procede a súa aceptación porque non cabe a emenda dunha emenda tal como declarou o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa resolución 74/2012 "este Tribunal considera que no cabe otorgar un segundo trámite de subsanación para corregir los defectos que pueda presentar la documentación entregada en el plazo establecido para subsanar. Cualquier otra interpretación nos llevaría a permitir sin límite las subsanaciones, con los problemas que ello llevaría aparejado".

- O recorrente pon en dúbida a extemporaneidade da documentación achegada o 30 de maio de 2023. Sobre este aspecto se pronunciou a Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño, na que invoca a resolución nº 283/2022, do 14 de novembro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de la Comunidad Autónoma de Canarias:

"sin que quepa admitir la documentación que presentó a posteriori, una vez conocido el acuerdo de la Mesa de Contratación dando por no acreditada dicha solvencia, para intentar probar la misma -que, por otra parte, consiste en unos meros recibos bancarios y presupuestos, que

siquiera vienen acompañadas del preceptivo certificado de buena ejecución y que se aportan a través de un medio no autorizado legalmente-, aunque se de el caso de que se trate de la única licitadora presentada, puesto que no es sólo el principio de igualdad y no discriminación el que aquí debe aplicarse y protegerse, sino también el de seguridad jurídica y transparencia, que obliga al cumplimiento debido de las reglas establecidas, tanto por los pliegos que rigen la contratación, como por la propia LCSP, siendo necesario recordar que este Tribunal ya ha concluido en numerosas resoluciones anteriores que la falta de diligencia a la hora de cumplimentar una oferta o la documentación que ha de aportarse por parte de la licitadora sólo es imputable a la misma.

O PCAP que rexeu esta contratación esixía a presentación de determinada documentación no Sobre A, entre a que se incluía (cláusula 13.7A) a documentación acreditativa da exclusividade da empresa para representar ao artista proposto na data prevista para o concerto en Vigo:

“2.- O licitador acreditará que dispón dos dereitos de representación en exclusiva do artista mediante copia da escritura de cesión. No caso de que non fora o titular dos mesmos achegará a seguinte documentación:

- Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista.*
- Escrito de cesión dos dereitos a favor do licitador para o evento en Vigo, para o día no que se efectuará o espectáculo”.*

Sobre este aspecto, reitérase o xa manifestado pola Mesa na referida sesión, na que se indicou que:

“nin o licitador nin a Asociación Galega de Empresas Musicais recorreron os pregos, tampouco solicitaron aclaracións sobre a cláusula 13.7 do PCAP, tal e como posibilita a cláusula 11 do PCAP, e a presentación da proposición polo licitador supón a aceptación incondicionada e sin reserva ningunha dos pregos”.

A este respecto, a resolución nº 939/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sostén que “ahora no pueden cuestionarse estas exigencias de los pliegos, ley del contrato, pues acerca de la cualidad de lex contractus de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza, se ha pronunciado incluso nuestro Tribunal Supremo. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de marzo de 2001 (Sección Séptima) en la que se afirma que: «(...) esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en



Concello de Vigo

ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos, cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía»”.

- *Sobre a alusión ao contrato celebrado por este Concello no expediente 9.648-335, non procede informar porque non participou a Mesa de Contratación, ao igual que nos outros expedientes citados (9.238-335, 7.933-335 e 7.938-335).*
- *Por último, sobre a suposta irregularidade da composición da Mesa de Contratación, que relaciona o recorrente co manifestado no antecedente vixésimo primeiro, cómpre informar que a presidencia da Mesa de Contratación ostentábaa, ata a entrada en vigor o 8 de xuño de 2023 da nova Mesa Permanente designada pola Xunta de Goberno Local o 1 de xuño, a concelleira delegada de Contratación con sete suplentes.*

Segundo o disposto no artigo 194 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño (LOREG), unha vez finalizado o seu mandato, os membros das Corporacións cesantes continuarán as súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

Isto é, a concelleira delegada de Contratación estivo en funcións ata a constitución da nova corporación, que tivo lugar o pasado 17 de xuño de 2023, polo que podería seguir formando parte das sesións da Mesa de Contratación ata ese día.

No entanto, a Xunta de Goberno Local designou unha nova Mesa de Contratación o 1 de xuño, con motivo do período que media entre a toma de posesión da Corporación o 17 de xuño e a entrada en vigor da nova Mesa de Contratación que debe ser designada pola nova Xunta de Goberno local que se nomee.

Dado que os artigos 326.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP) e 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, esixen a publicación da composición da Mesa no perfil de contratante, ademais da publicación no BOP por tratarse dunha mesa permanente, e o referido artigo 21.4 do RD 817/2009 esixe que esa antelación se faga cunha antelación de 7 días “con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro”, podería producirse un lapso de tempo sen mesa de contratación que interrompería o normal funcionamento da contratación municipal.

Precisamente, para dar estabilidade e continuidade ao órgano de apoio en materia de contratación deste Concello designouse a nova Mesa de Contratación Permanente, da que non forman parte os membros electos.

En base ao anterior, a sesión da Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023, na que se adoptou o acordo recorrido, foi validamente constituída.

CUARTO.- Falta de habilitación y competencia de la Mesa de Contratación para la adopción del acuerdo en los términos en que se ha tomado

Sinala o recorrente que “de conformidade co disposto no artigo 140.1 da LCSP, non se esixe a priori a presentación de toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar no Sobre concernido á documentación administrativa (Sobre A)”.

Reiterando a xa mencionada doutrina xurisprudencial que atribúe ao prego o carácter de lei do contrato, sen prexuízo do previsto no artigo 140 da LCSP, a cláusula 13.7 do PCAP, esixía como contido do Sobre A o seguinte:

“7.- O contido dos sobres será o seguinte:

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

1.- Presentarase os seguintes documentos:

- 1. Documento Europeo Único de Contratación (DEUC)*
- 2. Anexo II.*
- 3. Documentación acreditativa da exclusividade da empresa para representar ao artista proposto na data prevista para o concerto en Vigo.*

2.- O licitador acreditará que dispón dos dereitos de representación en exclusiva do artista mediante copia da escritura de cesión. No caso de que non fora o titular dos mesmos achegará a seguinte documentación:

- Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista.*
- Escrito de cesión dos dereitos a favor do licitador para o evento en Vigo, para o día no que se efectuará o espectáculo”.*

Como se pode apreciar, a lei do contrato expresamente esixía a presentación neste sobre da acreditación da exclusividade da empresa para representar ao artista proposto na data prevista para o concerto en Vigo, polo que, no exercicio das súas funcións, á Mesa correspondíalle cualificar se a documentación presentada sobre este aspecto cumpría as esixencias do prego nese mesmo momento procedimental, non a posteriori. A actuación da Mesa de Contratación axustouse ao previsto no prego (cláusulas 13.7 e 18.1 do PCAP) e na normativa contractual (artigos 326.2 da LCSP e 22.1b) do RD 817/2009).



Concello de Vigo

QUINTO.- Falta de motivación (reforzada y adecuada) respecto del rechazo/exclusión de la oferta presentada por mi representada (única licitadora en el proceso de contratación del patrocinio publicitario): Generación de indefensión

Para evitar reiteracións innecesarias, remítome ao informado en relación co segundo motivo de impugnación no que se recolle a motivación do acordo recorrido.

SEXTO.- Respecto de la omisión del trámite de requerimiento a esta mercantil para aclarar cualquier duda que pudiera existir respecto de la documentación acreditativa presentada. Vulneración de los principios de buena administración, proporcionalidad, igualdad y concurrencia, así como de la jurisprudencia y doctrina que los interpreta.

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 11 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Outorgar un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula 13.7 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar “Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista””.

Así, pois, en cumprimento do previsto na cláusula 18.1 do PCAP e no artigo 326.2 da LCSP, a Mesa concedeu un prazo ao licitador para a emenda do Sobre A, mediante a presentación dun concreto documento. Como se indicou, na acta da sesión do 1 de xuño de 2023, a Mesa comprobou que a documentación achegada polo licitador o 15 de maio de 2023 non era a requirida no prego, senón unha “copia” á que se refiren como deal memo na que só figura a imaxe da sinatura dunha das partes. O licitador presentou a documentación o último día do prazo, ás 18:56 horas. A pesar de que a documentación non era a requirida a Mesa non acordou non admitir ao licitador sen o previo informe da xefatura do Servizo de Festas, emitido o 22 de maio.

Sobre a posibilidade de requirir aclaracións á documentación presentada, remítome á acta da sesión do 1 de xuño de 2023 que recolle:

“declarou o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa resolución 74/2012 “este Tribunal considera que no cabe otorgar un segundo trámite de subsanación para corregir los defectos que pueda presentar la documentación entregada en el plazo establecido para subsanar. Cualquier otra interpretación nos llevaría a permitir sin límite las subsanaciones, con los problemas que ello llevaría aparejado”.

En calquera caso, o contido do sobre A figuraba claramente no PCAP. O licitador non só non presentou no Sobre A a Copia da escritura de cesión dos dereitos de

representación en exclusiva do artista, senón que tampouco a presentou unha vez solicitada a emenda pola Mesa de Contratación. De feito, na documentación presentada o 15 de maio o propio licitador recoñece:

“La escritura de cesión de los derechos de representación en exclusiva del artista a la agencia “origen”, en este caso a LIVE NATION, no es un documento que exista como tal en la mayor parte de los casos. Los artistas, en su mayoría, tienen contratos tipo 360º (con muchas áreas de negocio incluidas) con las discográficas y estas a su vez suelen ceder parte de ese negocio (la gestión de los conciertos por ejemplo) a agencias y promotoras que se ocupan de poner en marcha dichas giras en un espacio y tiempo determinado. Sobre estos acuerdos no suele existir un contrato con tal, ni unas escrituras. Además, la documentación que existiera entre el propio artista y la agencia/promotora que gestiona la gira es de tipo mercantil privada y como tal, está sometida a una confidencialidad y a una protección de datos a la que por parte de las empresas locales (como SWEET NOCTURNA en este caso) no tenemos posibilidad de acceso ni de gestión.

En esta ocasión, para este requerimiento podemos aportar como documento que refuerce la carta de exclusividad ya entregada, el llamado DEAL MEMO de LIVE NATION con GUNS N' ROSES [...].”

Se o licitador é consciente de que a documentación que achega non é a esixida no PCAP posto que recoñece que non existe como tal, en todo caso, as dúbidas deberían ser formuladas por el e non pola Administración, quen ademais non tivo oportunidade de cualificar a documentación ata rematado o prazo de presentación.

Cómpre salientar, que xa declarado deserto o procedemento pola Xunta de Goberno local, polo que non foi obxecto de cualificación pola Mesa de Contratación, o 12 de xuño de 2023, SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. presentou, mediante documento nº 23016404, escritura de cesión outorgada na mesma data ante o notario GERARDO CONESA MARTÍNEZ (nº de protocolo 836) na que se pon de manifesto:

“Que LIVE NATION ESPAÑA BLACK STAR, S.L. posee la exclusividad sobre las actuaciones del artista GUNS N`ROSES durante el mes de junio de 2023 en Galicia (España), tal y como se estipula y le legitima la Carta emitida con fecha 30 de mayo de 2023 por International Talent Booking (compañía que ostenta los derechos de exclusiva de GUNS N`ROSES en todo el mundo, salvo en Norte América y Canadá)”.

Iso a pesar de que o licitador manifestara no escrito de data 15 de maio, como se acaba de expoñer, que “no es un documento que exista como tal en la mayor parte de los casos” o “Sobre estos acuerdos no suele existir un contrato con tal, ni unas escrituras”.

SÉPTIMO.- Respecto de la oportuna acreditación de los derechos de representación en exclusiva del artista comprometido.



Concello de Vigo

Para os efectos de evitar reiteracións innecesarias remítome ao informado no motivo de impugnación terceiro e sexto”.

Á vista deste informe, a xuízo da informante procede propoñer ao órgano de contratación a desestimación do recurso de alzada.

4.- Procedemento para a tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Dado que a esta licitación só se presentou a recorrente, como consta no certificado do Rexistro Xeral de data 11 de maio de 2023 e no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público anexado ao expediente, non hai outros interesados no procedemento. Tampouco resulta necesario ter en conta novos feitos ou documentos que non se recolleran no expediente orixinario. En base a isto, non procede evacuar trámite de audiencia.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

-III-

Recurso de reposición

1.- Obxecto do recurso de reposición

A impugnación do acordo da XGL de 8 de xuño de 2023 de declaración de deserto do citado procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335).

2.- Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recurrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC), e xa enumerados no fundamento xurídico anterior.

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, a resolución impugnada é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC).

Existe unha consolidada doutrina, tanto xurisprudencial, como administrativa, que afirma que para que poida considerarse que concorre un interese lexítimo é mester que a resolución administrativa impugnada poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica do que recorre. Existe unanimidade respecto da falta de lexitimación do licitador que foi excluído dun procedemento de licitación para recorrer as resolucións posteriores que se produzan no mesmo.



Concello de Vigo

Resulta ilustrativa ao respecto a resolución do nº 921/2022, do Tribunal administrativo central de recursos contractuales, de data 21 de xullo de 2022. Se ben se refire a lexitimación para a interposición de recurso especial en materia de contratación, os argumentos que emprega son extensibles á lexitimación para interpoñer outros recursos administrativos, contra actos que se produzan nun procedemento de contratación do que o recorrente foi excluído, ou, como no presente caso, inadmitido. A citada resolución dí, no seu fundamento de dereito sexto, o seguinte:

“Constituye doctrina de esta Tribunal, recientemente reflejada en la Resolución nº 1239/2019, que carece de legitimación para impugnar exclusivamente la adjudicación quien no puede ser en ningún caso adjudicataria del contrato por haber sido excluida. Y ello porque carece de interés legítimo. Ya señalaba la Resolución de 21 de octubre de 2016 que "los requisitos para que pueda apreciarse la existencia de interés legítimo y, por tanto, de legitimación activa, son los siguientes:

1.- Por interés, que la normativa vigente califica bien de "legítimo, personal y directo", o bien, simplemente, de "directo" o de "legítimo, individual o colectivo", debe reputarse toda situación jurídica individualizada, caracterizada, por un lado, por singularizar la esfera jurídica de una persona respecto de las de la generalidad de los ciudadanos o administrados en sus relaciones con la Administración Pública, y dotada, por otro, de consistencia y lógica jurídico-administrativas propias, independientes de su conexión o derivación con verdaderos derechos subjetivos.

2.- Ese interés, que desde el punto de vista procedimental administrativo es una situación reaccional, en pro de la defensa y efectiva reintegración de lo que doctrinalmente se ha llamado el propio círculo jurídico vital y en evitación de un potencial perjuicio ilegítimo temido, está conectado precisamente con este concepto de perjuicio, de modo que el interés se reputa que existe siempre que pueda presumirse que la declaración jurídica pretendida habría de colocar al accionante en condiciones legales y naturales de conseguir un determinado beneficio material o jurídico o como cuando la persistencia de la situación fáctica creada o que pudiera crear el acto administrativo ocasionaría un perjuicio como resultado inmediato de la resolución dictada.

3. Ese "interés legítimo" siempre que no se reduzca a un simple interés por la legalidad), puede prescindir, ya, de las notas de "personal y directo", pues tanto la jurisprudencia del Tribunal Supremo como la del Tribunal Constitucional (en Sentencias, entre otras, de este último, 60/1982, de 11 octubre, 62/1983, de 11 julio, 160/1985, de 28 noviembre, 24/1987, 257/1988, 93/1990, 32y 97/1991 y 195/1992, y Autos 139/1985, 520/1987 y 356/1989) han declarado, al diferenciar el interés directo y el interés legítimo, que éste no sólo es superior y más amplio que aquél sino también que es, por si, autosuficiente, en cuanto presupone que la resolución administrativa o jurisdiccional a dictar ha repercutido o puede repercutir, directa o indirectamente, pero de un modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien se persona.

En materia de legitimación ya en el ámbito de la contratación señala la citada sentencia que "Tratándose de contratos administrativos, el interés legítimo viene determinado en general por la participación en la licitación (ss. 7-3-2001 citada por la de 4-6-2001), por cuanto quienes quedan ajenos a la misma, en principio no resultan afectados en sus derechos e intereses, si bien no puede perderse de vista que la determinación de la legitimación, en cuanto responde a los intereses que específicamente estén en juego en cada caso, ha de efectuarse de forma casuística, lo que tiene una proyección concreta en los supuestos de procedimientos de concurrencia, en los cuales la condición de interesado no deriva de la genérica capacidad para participar en los mismos sino de la actitud de los posibles concursantes respecto del concreto procedimiento de que se trate, es decir, la condición de interesado no es equiparable a la genérica condición de contratista con capacidad para participar en el concurso sino que es preciso que se ejercite tal condición, ya sea participando en el procedimiento o de cualquier otro modo, sin que pueda descartarse la impugnación de la convocatoria del concurso por quien no participa en razón de las propias condiciones en que es convocado".

Es obvio que a impugnación de declaración de deserto ningún beneficio pode acarrexar ao recorrente na súa esfera xurídica, pois non foi admitido no procedemento.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é un acordo de data 8 de xuño, que lle foi publicada no perfil de contratante do concello de Vigo, aloxado na Plataforma de contratos do sector público en data 15 do mesmo mes, a interposición do recurso de reposición en data 14 de xullo realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recorrente carece de lexitimación activa para impugnar o acordo da XGL de 8 de xuño de 2023 procede propoñer á XGL a súa inadmisión e non procede resolver sobre o fondo.



Concello de Vigo

Reclamación de enriquecemento inxusto

A reclamación de enriquecemento inxusto é unha figura xurídica creada pola doutrina xurisprudencial, inicialmente no eido do dereito civil, se ben na actualidade é incontestable a súa aplicación no ámbito do dereito administrativo. Ten por obxecto reclamar o beneficio obtido por unha persoa física ou xurídica a costa do empobrecemento doutra, sen xustificación legal ningunha. Os seus requisitos son:

1. O empobrecemento dun suxeito.
2. O correlativo enriquecemento de outro.
3. Unha relación causal entre o empobrecemento do primeiro e o enriquecemento do segundo, de forma que este sea efecto daquel.
4. A falta de causa o de xustificación tanto do enriquecemento como do correlativo empobrecemento.

Estes requisitos aparecen recollidos na Sentenza nº: 00033/2021, da Sala De Lo Contencioso Administrativo Do Tribunal Superior De Justicia De Castilla Y León, SECCION 1ª, de data 26/02/2021, que no seu fundamento xurídico primeiro determina que:

“Procede así recordar la jurisprudencia que ha estudiado requisitos del principio que prohíbe el enriquecimiento injusto y que concurren al caso de forma palmaria; por todas, la Stc de la Sala Tercera del TS de fecha 11/05/04 dice: "Desde la citada sentencia de referencia de 28 de enero de 1956, según la doctrina de la Sala Primera y de esta misma Sala, pueden considerarse como requisitos para la procedencia de la acción de enriquecimiento injusto o sin causa los siguientes:

a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.

b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.

c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. O, dicho en otros términos, que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.

d) La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento.”

SWEET NOCTURNA, considera que ten un contrato coa Administración municipal, e que a publicidade que realizou do concerto de GUNS N' ROSES e a propia celebración do mesmo, non foron senón actos de execución do mesmo, polo que en consecuencia esta Administración debe aboarlles a cantidade pactada. En caso contrario, na súa opinión, o concello se enriquecería inxustamente a conta do recorrente. Como analizaremos ao longo deste fundamento xurídico, nada máis lonxe da realidade. Non existe tal contrato, e non é posible acreditar os citados requisitos para poder considerar a existencia dun enriquecemento inxusto desta Administración.

Os motivos de impugnación do escrito do recurso de alzada relacionados coa reclamación de enriquecemento inxusto son os numerados como oitavo, noveno e décimo. Os responderemos polo seu orde, se ben con carácter previo, recapitularemos

sobre a narración dos feitos realizada polo recorrente ao longo do recurso, pois como temos dito, non so inclúe motivos de impugnación nos fundamentos de dereito.

SWEET NOCTURNA, en ambos escritos de recurso, fai un relato cronolóxico das actuacións que levou a cabo para a posta en marcha dun concerto de GUNS N' ROSES, que se celebrou no estadio municipal de Balaídos o día 12 de xuño de 2012. Comeza o mesmo cunha suposta reunión que manterían, tanto os seus representantes como os de LIVE NATION, con representantes políticos deste Concello na que segundo manifesta, se lle propón a celebración de dous concertos internacionais no Estadio de Balaídos. Froito deste primeiro contacto, relata numerosas comunicacións informais co concelleiro delegado de Festas e a xefa deste servizo, das que tampouco achega ningún documento que as proben. Entre elas, unha carta de interese de data 25 de outubro de 2022, na que aquel manifesta o interese do Concello na celebración dun concerto da banda GUNS N' ROSES no Estadio Municipal Abanca Balaídos o 12 de xullo de 2023. Carta de interese sobre a que volveremos máis adiante.

Continúa describindo os pasos adoptados para a venta de entradas e a promoción do evento, para o que se utilizaron os logos do Concello, así como a solicitude do Estadio para a celebración do concerto, presentada por Rexistro electrónico o día 16 de marzo de 2023. Único antecedente do que sí existe constancia neste concello, pois como veremos, o resto das supostas actuacións non forman parte de ningún expediente ou, ao menos, documento electrónico, obrante no xestor de expedientes municipal.

En paralelo, o servizo de Festas municipal solicitou asesoramento á Asesoría Xurídica e a Área de Contratación municipais, para a tramitación dun expediente de contratación para a celebración dun patrocinio dun concerto internacional, precisamente do artista GUNS N' ROSES, e a celebrar no mesmo estadio de Balaídos. Dado que os técnicos municipais avogan por promover a concorrència en todos os procedementos de contratación, en cumprimento dos principios que rexen a contratación pública, a Asesoría Xurídica elaborou un informe sobre os patrocinios, nos que se pon de manifesto a imposibilidade de contratar os mesmos a través dun procedemento negociado sen publicidade fundamentado en razóns de exclusiva (artigo 168.a.2º da LCSP), sempre que exista un substituto razoable. Estas notas de asesoramento foron facilitadas por correo electrónico tanto a o concelleiro delegado de Festas como a xefa do servizo de Festas en data 1 de febreiro (documento anexado no trámite 210 do expediente). Non esquezamos que o artigo 1 da LCSP sinala entre os obxectivos da mesma, garantir que a contratación do sector público se axuste ós principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores. En concreto, o principio de concorrència pretende a consecución da maior participación posible na licitación dos contratos públicos. Con ilo se consegue, non so máis oportunidades de negocio para as empresas seno tamén unha mellor oferta para a Administración contratante, máis axustada ó mercado, o que favorece o interese público subxacente nos contratos ó lograr unha optimización na utilización dos fondos públicos.

A XGL o 2 de febreiro de 2023 aprobou o "PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2023" (expediente 9631/335) (trámite 8 do expediente), que establece a previsión do patrocinio de concertos internacionais, *"co fin da promoción e difusión da cidade de Vigo no ámbito de ocio e esparcemento incluída nas competencias desta Corporación, a través da celebración do evento, como o que nos ocupa, ao converterse nunha fonte xeradora de beneficios directos"* (apartado 2.9).



Concello de Vigo

Nesta liña, e para facilitar o desenvolvemento dos mesmos, o Departamento Administrativo da Alcaldía, encargou a elaboración dunha estratexia de comunicación que abarcase os patrocinios, tanto de concertos como doutros eventos culturais ou deportivos, para asociar a marca Vigo ao desenvolvemento destes eventos e potenciar a industria cultural creativa na nosa cidade (trámite 5 do expediente). A mesma foi aprobada por acordo da XGL de 13 de abril de 2023 (trámite 7 do expediente).

Simultaneamente, o servizo de Festas, procedeu a preparación dun expediente de contratación por procedemento aberto para o patrocinio dun concerto internacional. Este foi aprobado por acordo da XGL de 24 de abril de 2023, o citado procedemento 9713-335.

O resultado do citado procedemento é ben coñecido, foi declarado deserto por acordo da XGL de 8 de xuño de 2023, por non ter sido admitido por acordo da Mesa de Contratación de 1 de xuño do mesmo ano o único licitador presentado, o recorrente.

Unha vez que o licitador non foi admitido no procedemento presentou unha reclamación en data 9 de xuño, solicitando o aboamento da cantidade que, ao seu parecer, lle correspondía, por terse comprometido a ilo esta Corporación. A mesma foi remitida á Asesoría xurídica polo servizo de Festas en data 14 de xuño, que lle solicita informe sobre a mesma ((trámite 202 do expediente-documento 230164235). Este informe é evacuado pola xefa do servizo en data 23 de xuño (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 16), que o remite sen pronunciarse acerca da citada reclamación, limitándose a facer un relato fáctico do presunto desenvolvemento dos feitos, e que, como veremos, ao fío dos informes e probas axuntadas por outros servizos, incorre en numerosos erros e inexactitudes. Acompaña este informe cunha carta de interese asinada polo concelleiro delegado de Festas, de data 25 de outubro de 2022, e asinada coa sinatura electrónica persoal do citado concelleiro (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 17). Á vista das manifestacións efectuadas pola citada funcionaria no informe que nos ocupa, e da carta de interese que a acompaña, a titular da Asesoría xurídica e a letrada xefa de asesoramento, evacúan unha dilixencia, en data 29 de xuño (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 39), poñendo de manifesto, entre outros aspectos, o seguinte:

“4. a) (...) No devandito expediente 9713/335, o Servizo de Festas non incorporou a carta que agora se remite nin tivemos coñecemento ningún da súa existencia nin tampouco de modelo de carta ningún ata este momento.

b) Consultada a xestión de expedientes, non consta ningunha entrada de solicitude de asesoramento xurídico nin ningún expediente para emisión de informe sobre modelo de carta. Tampouco consta a emisión de informe xurídico nin sequera nota de asesoramento en relación coa carta do 25/10/2022 por parte do persoal desta Asesoría Xurídica.

c) Tampouco consta a remisión da carta asinada que agora se remite a ningunha persoa que preste os seus servizos neste órgano.

5. En todo caso, remíteselle á letrada, entón técnica de administración xeral que habitualmente informa os expedientes ordinarios de Festas, para que quede constancia de calquera coñecemento informal que poida ter sobre este asunto”.

O citado informe da letrada que habitualmente asesora ao servizo de Festas, evacuouse o 29 de xuño (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 40). No mesmo, tras relatar diversas consultas informais realizadas pola xefa do servizo de Festas por correo electrónico con relación á redacción da carta de interese, as cales incorpora como anexos ao seu informe, manifesta o seu descoñecemento da existencia da citada carta de interese, a cal non lle foi sometida a informe. E conclúe afirmando que *“a xefa do Servizo de Festas, funcionaria municipal que propón as resolucións dos procedementos nas que se emite informe xurídico, ten coñecemento de que todos os contratos que se realizan pola administración deben tramitarse mediante os procedementos previstos na Lei de Contratos do Sector Público, sen excepcións, e sen prexuízo da normativa aplicable a cada un deles segundo a materia. Todo elo baixo os principios da contratación pública de imparcialidade, publicidade, liberdade de acceso, transparencia, non discriminación, obxectividade, integridade, igualdade de trato entre as persoas candidatas”*.

Así mesmo, a titular da Asesoría xurídica e a letrada xefa de asesoramento, emiten un informe, en data 30 de xuño (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 54), no que tras reiterar o seu descoñecemento da citada carta, poñen de releve que tanto o concelleiro como a xefa do servizo de Festas, non so non puxeron de manifesto a súa existencia, senón que no procedemento de patrocinio *“constaba incorporado ao expediente a declaración de neutralidade técnica asinada pola xefa do Servizo de Festas, así como a súa declaración de ausencia de conflito de intereses e a do concelleiro-delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, Concellería e Servizo de Festas que promoveu o contrato”*.

Tras a evacuación destes informes o expediente foi remitido ao servizo de Contratación, xustamente o mesmo día no que tivo entrada o recurso dealzada de SWEET NOCTURNA.

Á vista dos informes citados, a funcionaria que subscribe, manifesta o seu descoñecemento da citada carta de interese, así como a inexistencia de ningún expediente ou documento relativo á contratación directa da actuación de GUNS N'ROSES no xestor de expedientes municipal. De feito, a existencia deste documento é incompatible coa declaración de neutralidade técnica do prego de prescricións técnicas particulares e coa declaración de ausencia de conflito de interese asinados pola xefa do servizo de Festas e polo concelleiro delegado de Festas, e a súa sinatura podería suponer o incumprimento do artigo 64 da LCSP e das medidas antifraude previstas no Plan antifraude do Concello de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2022. Se existían conversas informais cun potencial licitador, o servizo debeu poñelo en coñecemento do servizo de Contratación. Esta circunstancia enerva o principio de competencia e de igualdade de trato entre os licitadores, pois o recorrente posuía información relevante sobre as posibles datas de celebración do concerto, ubicación, importe aproximado do patrocinio, etc, que os demais descoñecían, o que houbera invalidado o procedemento ao situalo nunha posición de avantaxe.

Volvendo ao escrito de recurso, os motivos de impugnación relacionados coa reclamación de enriquecemento inxusto son os numerados como oitavo, noveno e décimo. Os responderemos polo seu orde:

“Octavo.- Respecto de la improcedente revocación tácita de actos administrativos favorables sin seguir el procedimiento legalmente establecido”



Concello de Vigo

Considera o recorrente que a carta de interese é *“un acto administrativo favorable para mi representada, amén de ser firme y ejecutivo a todos los efectos”* e considera que *“si finalmente se confirmase el improcedente acuerdo (de exclusión) y propuesta (de declaración de desierto) de la Mesa de Contratación (...), dicho acuerdo implicaría una revocación tácita (sin seguir el procedimiento legalmente establecido para ello) de dicho compromiso formal de esa Administración para con esa empresa promotora del evento efectivamente celebrado, que recordemos es firme, ejecutivo y vinculante”*.

Sorprende o feito de que a recorrente presentouse ao procedemento aberto para a contratación dun patrocinio e polo tanto aceptou as regras que o rexen. E unha vez que non resultou admitido no mesmo cuestiona, tanto o procedemento elixido, como a súa corrección e transparencia, intentando sementar dúbidas sobre a actuación desta Administración. Debemos recordar que a presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional das bases que rexen o procedemento, tal e como establece o artigo 139.1 da LCSP *“Las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna”*. E así o recoñece a xurisprudencia e a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Citaremos por todas elas a Resolución nº 304/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid:

“los Pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos, (Vid. por todas STS de 29 de septiembre de 2009 o Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, 128/2011, de 14 de febrero (JUR 2011/170863), de manera que los licitadores han de estar y pasar por los mismos en todo su contenido. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 145.1 del TRLCSP, la presentación de proposiciones supone, por parte del empresario, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna (...) los Pliegos constituyen la base del contrato y sus determinaciones las reglas conforme a las cuales debe ser cumplido al determinar el contenido de la relación contractual. Por lo que su contenido, no habiendo sido recurridos, vincula tanto a la Administración que los formula como a los licitadores, que al no impugnarlos, los aceptan incondicionalmente con la presentación de su oferta” (fundamento de derecho quinto) .

É preciso por de releve que o recorrente é un profesional cunha larga traxectoria, que ten celebrado numerosos contratos con esta administración, e supoñemos que con outras tantas. Cabe afirmar, polo tanto, que non descoñece que o órgano de contratación deste Concello é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda da LCSP). Polo tanto, non ignora que calquera outro órgano municipal carece de competencia para obrigar ao Concello por medio dun contrato, salvo delegación expresa da XGL, que unicamente as ten delegadas nos Concelleiros delegados para a *“tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas”*, así como tamén con relación á adxudicación dos procedementos abreviados consonte ao vixente no momento da licitación Decreto de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019, modificado o 18.08.20. Dado que non existe dúbida de que o recorrente é un profesional cunha longa experiencia en contratar coas Administracións públicas, non existe dúbida tampouco

de que non descoñece que a carta de interese coa que xustifica o seu dereito non é un contrato que poida sustentar a súa reclamación de enriquecemento inxusto.

Sorprende ademais a súa falta de coherencia. É preciso ter en conta o feito de que na actualidade están en tramitación tres expedientes de contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, por razóns de exclusiva, precisamente co recorrente, SWEET NOCTURNA, posto que foron seleccionadas as súas propostas na 1ª e 2ª convocatorias celebradas polo servizo de Festas para seleccionar os espectáculos da programación de “Vigo de verán 2023”, publicadas no perfil de contratante en datas 16 de febreiro e 24 de abril, respectivamente. Nos tres procedementos consta a mesma carta de exclusividade que no procedemento que nos ocupa. Curiosamente, nun deles, o procedemento negociado de servizos para a contratación da actuación artística de Reels B (expediente 9740-335), o recorrente, tras ser requirido por esta Administración, non presentou documentación ningunha, polo que na actualidade é improbable que se poida celebrar o mesmo, previsto para o mes de agosto. Nos outros dos, tras achegar a documentación acreditativa dos dereitos de exclusiva para as actuacións de Beret (expediente 9710-335) e Ana Mena (expediente 9694-335), documentación que no procedemento que nos ocupa considera de imposible aportación, solicita que os procedementos se desenvolvan con outra empresa alegando unha suposta imposibilidade para cumprir cos seus compromisos. É dicir, que a incongruencia do recorrente levalle a considerar, segundo lle interesa, nun caso que a carta de interese non é un contrato, e non se considera na obriga de respectala, e noutro, que é un contrato, para poder reclamarlle a esta administración o presunto incumprimento do mesmo.

Con respecto a consideración da carta de interese como contrato, no citado informe da Asesoría Xurídica de 30 de xuño, se pon de releve que *“debe considerarse a existencia dun precedente recurso contencioso-administrativo, sobre a falta de virtualidade dunha “carta de interese” para pretender un pagamento que non tiña cobertura nunha previa contratación administrativa. Xúntanse a este informe preliminar, a sentenza 270/2014, do 1 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada no seo do Recurso Contencioso-Administrativo 93/2014, e que foi confirmada no recurso de apelación 146/2015, pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección primeira, núm. 331/2015, do 27 de maio. (...)”*. Esta Sentenza (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 55) determina que *“La primera cuestión a dilucidar es si el documento de 04/05/2011 que el Conselleiro de Animación Sociocultural dirige a la mercantil recurrente, en la persona de don Bibiano Morón, supone la expresión de la voluntad del Concello de una contratación en firme y, por tanto, puede ser calificado de contrato privado, como pretende, cuyo incumplimiento justifica una reclamación como la verificada en la vía civil. En el aludido documento se lee que el Servicio de Animación Sociocultural del Concello de Vigo, “...esta interesado en la contratación del artista internacional James Blunt, a través de la empresa MODERN MUSIC TV...”, aludiendo al auditorio al aire libre de Castrelos, al día 31/07/2011 dentro de la programación de las Fiestas de Verano 2011 y a un precio de contratación de 80.000 euros. El juez a quo sostiene que se trata de una mera expresión de voluntad, alejada de un verdadero contrato concertado con la Administración. Y ello no solo por su contenido sino porque la propia experiencia profesional de la recurrente le permitía comprender el nulo alcance obligacional que representaba, como acreditaría con otros documentos aportados por ella que si tendrían el valor de verdaderos contratos de actuaciones musicales. De donde vendría a deducir que apelando a dicha experiencia en otros casos de contratación artística, la propia recurrente sabía que no se trataba*



Concello de Vigo

de un contrato privado ni de otra clase. Según resulta del expediente administrativo, el Servicio de Xestión e Promoción Cultural elaboró un informe según el cual, su Jefe manifiesta que aquel escrito se corresponde con el modelo utilizado habitualmente por el servicio de Fiestas para manifestar un interés en la contratación de un artista, teniendo un carácter previo a la contratación, siendo su utilidad que el artista considere la posibilidad de incluir la ciudad de Vigo, dentro de su gira de conciertos. Y desde luego, del tenor literal, debemos concluir, con el juez de primera instancia, que del mismo no cabe deducir la contratación en firme del artista sino una manifestación de intenciones, sin valor jurídico vinculante en el sentido postulado por aquella. El argumento de tratarse de un contrato privado, en absoluto, puede mutar aquella naturaleza jurídica, permitiendo que prospere el motivo. No admitida en materia de contratación pública la contratación verbal, la suscripción de cualquier contrato con las administraciones públicas se ve precedida por un acuerdo de incoación de un expediente de contratación, dictado por el órgano competente, con su posterior tramitación que culmine en la suscripción por ambas partes del contrato en cuestión. Dicho documento acreditaría que nos movemos, exclusivamente, en una fase previa de negociaciones que no fructificaron como lo evidencia la falta de incoación de aquel expediente”

Trasladando a doutrina que se desprende da citada sentenza ao caso que nos ocupa podemos afirmar que:

- Do dito ata agora, parece deducirse que con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, a Corporación estudou a posibilidade de celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos, e contactou de maneira informal con diversas produtoras. Como resultado destas negociacións, o concelleiro delegado de Festas formulou unha carta de interese a unha produtora para a **celebración directa polo Concello** dun concerto de GUNS N' ROSES, único documento do que existe constancia desta suposta fase preliminar. No entanto, o Concello tras a aprobación, primeiro do programa de Vigo en Festas 2023, e posteriormente da estratexia de comunicación institucional aprobadas pola JGL optou por non celebrar directamente o concerto e aprobou un procedemento aberto para a contratación dun patrocinio dun concerto internacional
- Esta circunstancia non é descoñecida polo recorrente, posto que aprobado o expediente do procedemento aberto para o patrocinio dun concerto internacional, presentou unha oferta, co que aceptou as regras que rexen o procedemento.

Con respecto a súa non admisión por non acreditar os dereitos de exclusiva, é preciso recordarlle que tanto a lei (artigo 138.3) como o prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 11) regulan a solicitude de información adicional que podería ter solicitado o licitador. Así, o artigo 138.3 da LCSP dí que *“Los órganos de contratación proporcionarán a todos los interesados en el procedimiento de licitación, a más tardar 6 días antes de que finalice el plazo fijado para la presentación de ofertas, aquella información adicional sobre los pliegos y demás documentación complementaria que estos soliciten, a condición de que la hubieren pedido al menos 12 días antes del transcurso del plazo de presentación de las proposiciones o de las solicitudes de participación, salvo que en los pliegos que rigen la licitación se estableciera otro plazo distinto. En los expedientes que hayan sido calificados de urgentes, el plazo de seis*

días a más tardar antes de que finalice el plazo fijado para la presentación de ofertas será de 4 días a más tardar antes de que finalice el citado plazo en los contratos de obras, suministros y servicios sujetos a regulación armonizada siempre que se adjudiquen por procedimientos abierto y restringido. En los casos en que lo solicitado sean aclaraciones a lo establecido en los pliegos o resto de documentación y así lo establezca el pliego de cláusulas administrativas particulares, las respuestas tendrán carácter vinculante y, en este caso, deberán hacerse públicas en el correspondiente perfil de contratante en términos que garanticen la igualdad y concurrencia en el procedimiento de licitación". E se o recorrente consideraba de imposible aportación a documentación solicitada para acreditar estar en posesión dos dereitos de exclusiva para a actuación do artista internacional tivo a oportunidade de manifestalo nesta fase e incluso a de impugnar os pregos. E non pode agora escusar a súa incompetencia e falta de dilixencia sementando dúbidas sobre o correcto proceder desta Administración no seo do procedemento de licitación. E realizando acusacións tan graves como que os requisitos esixidos para participar na licitación so os cumpría o artista que presentaba o licitador. Sendo así, que cunha simple busca en internet acerca dos numerosos artistas que estaban xirando pola península ibérica nas datas aproximadas á deste concerto, podemos extraer a conclusión de que son uns cantos os que cumpren os requisitos esixidos tales como Bruce Springsteen, Cold Play, Beyoncé

Comezaremos por reproducir os requisitos esixidos na documentación contractual:

- DATA DE CELEBRACIÓN DO CONCERTO

Entre o 5 e o 27 de xuño de 2023

- CARACTERÍSTICAS DO EVENTO PATROCINADO RECOLLIDAS NO PPTP

- O concerto debe ser dun artista internacional capaz de congrega entono a 30.000 espectadores na cidade de Vigo.
- O artista debe estar a realizar unha xira mundial dun mínimo de 10 países, na que se inclúa Vigo como unha das 3 cidades como máximo que visite o artista en España este ano, sendo una delas Vigo.

- CARACTERÍSTICAS DO ARTISTA

- O artista contará cun valor artístico destacable, avalado por ter conseguido premios internacionais de prestixio tales como premios Grammy, World Music Award, ou similar.
- Deberá contar cunha discografía de alo menos 5 discos de estudo, que alcanzaran en conxunto máis de 60 millóns de vendas en todo o mundo.
- Que o artista realizara un mínimo de 5 xiras internacionais de acreditado éxito
- Que acumulen gran número de seguidores en plataformas dixitais e redes tanto xenéricas como especializadas en música, sendo o número mínimo de subscritores nestas últimas,
- en conxunto, de 15 millóns.

- BANDAS E ARTISTAS INTERNACIONAIS EN XIRA POR ESPAÑA NO MES DE XUÑO



Concello de Vigo

Así, centrándonos so no mes de xuño, entre as bandas e artistas internacionais de xira podemos citar os seguintes, e reducíndoos ao concertos organizados polos da produtora que supostamente ostenta os dereitos de exclusiva de GUNS N' ROSES, e socia da recorrente:

PROMOTORA LIVE NATION

- **THE WHO:** É unha banda británica de rock. 15 de xuño en Barcelona. The Who vendeu de 119 millóns de discos en todo o mundo, posicionaron 27 sinxelos no Top 40 del Reino Unido e Estados Unidos, así como 17 álbums no Top 10, obtendo 18 discos de ouro, 12 de platino 5 de multe-platino solo en los Estados Unidos.

The Who foron homenaxeados nos [Premios Kenned](#). The Who foron incluídos no Salón da Fama do Rock and Roll en 1990, no Salón da Fama da Música do Reino Unido en 2005, [2] e gañaron o primeiro premio anual Freddie Mercury Lifetime Achievement in Live Music Award en 2006. Recibiu un Lifetime Achievement Award da Industria Fonográfica Británica en 1988, e da Fundación Grammy en 2001, polas contribucións creativas de destacada importancia artística no campo da gravación. Tommy foi incluído no Salón da Fama dos Grammy en 1998, "My Generation" en 1999 e Who's Next en 2007. My Generation foi seleccionado para a súa conservación no Rexistro Nacional de Gravacións dos Estados Unidos en 2009. "Baba O "Riley", "Go to the Mirror!", "I Can See For Miles" e "My Generation", foron incluídos nas 500 cancións que formaron o rock and roll do Salón da Fama do Rock and Roll. A versión de Broadway de Tommy, The Who's Tommy, gañou cinco premios Tony e tres premios Drama Desk en 1993, mentres que a versión de Londres gañou tres premios Laurence Olivier en 1997. Do mesmo xeito, Tommy gañou o premio á "Película de rock do ano". " nos primeiros Rock Music Awards anuais en 1975. En 1974, NME concedeu a "5:15" o premio ao "Mellor single británico". Do mesmo xeito, NME concedeu a Keith Moon o premio "Mellor baterista" en 1978. Ao ano seguinte, NME concedeu á película Quadrophenia o premio "Película do ano". En 2005, The Who recibiu o premio Nordoff Robbins Silver Clef pola súa contribución sobresaliente á música.

Na 31ª cerimonia anual de entrega de premios o 7 de decembro de 2008, Townshend e Daltrey recibiron os honores do Centro Kennedy; a primeira banda de rock en ser tan honrada. VH1 Rock Honors 2008 rendeu homenaxe a The Who con actuacións tributo de Pearl Jam, Foo Fighters, Flaming Lips, Incubus e Tenacious D. O 12 de marzo de 2011, Roger Daltrey recibiu o Steiger Award for Excellence in Music. Roger Daltrey e Pete Townshend recibiron o Classic Album Award por Quadrophenia dos Classic Rock Roll of Honor Awards en The Roundhouse, o 9 de novembro de 2011, en Londres, Inglaterra.

- **BEYONCE.** 8 de xuño en Barcelona. Cantautora estadounidense. The Renaissance World Tour é a novena xira musical da cantante estadounidense Beyoncé en apoio do seu sétimo álbum de estudo, Renaissance (2022). Ten máis de 25 premios Grammy: 2 premios BET; 8 premios BET, máis de 20 premios ASCAP Rhythm & Soul Music Awards. Beyonce vendeu entre 200 e 160 millóns de álbums, contando co feito de que só ten 7 discos de estudo en

solitario, 5 con Destiny's Child, un con Jay-Z e un álbum de bandas sonoras de películas. Vendeu máis de 100 millóns de discos como artista individual.

- **MAROON 5:** É unha banda musical estadounidense de pop rock. 16 de xuño en Barcelona. Desde o seu debut en 2001, a banda vendeu máis de 30 millóns de álbums e 48 millóns de sinxelos en todo o mundo. Gañadores de tres premios Grammy, 3 premios da música estadounidense; 1 Premios ASCAP de Música Pop; 8 Premios Billboard da Música; 1 Premios BMI Pop; 4 Premios GAFFA; 2 premios da música iHeartRadio; 1 premios iHeartRadio Titanium; 1 Premios MTV; 1 MTV Europa; 1 MTV Video Music Awards; 1 premios MTV Video Play, etc.
- **ROD STEWARD:** É un músico, compositor e produtor de rock británico, coñecido mundialmente por ter sido vocalista das bandas The Jeff Beck Group e Faces, así como pola súa exitosa e extensa carreira en solitario. As súas vendas oscilan entre os 250 millóns de copias en todo o mundo, o que o converte nun dos intérpretes en solitario máis exitosos do mundo. A continuación una lista parcial de los premios y reconocimientos que le han entregado: Entre os premios que lle foron outorgados atópanse: 1 Word Music Award; 1 premio Brit; 1 premio Grammy; 1 premio ASCAP founders Awards; nombrado cabaleiro da Orden del imperio Br

FESTIVALES EN PORTUGAL NO MES DE XUÑO.

FESTIVAL “NOS ALIVE”: é un dos principais festivais portugueses. O festival terá lugar os días 6, 7 e 8 de xullo en Lisboa e será a súa 15ª edición. O cartel deste ano tivo entre outros ás seguintes bandas: Red Hot Chili Peppers e The Black Keys, Arctic Monkeys e Idles o 7 de xullo

- **RED HOT CHILI PEPPERS:** Red Hot Chili Peppers é unha banda de rock estadounidense formada en 1983 en Los Ángeles, California. Están consideradas unha das bandas de rock alternativo máis exitosas e influentes da historia. Os Red Hot Chili Peppers gañaron sete premios Grammy e vendeu máis de 80 millóns de discos en todo o mundo.

“PRIMAVERA SOUND OPORTO 2023”. Tivo lugar do 7 ao 10 de xuño no Parque da Cidade de Oporto, no cartel do día 8 de xuño estivo Rosalía.

- **ROSALIA:** É unha cantante, compositora, produtora discográfica, artista, actriz e músico española. Está considerada amplamente como unha das cantantes españolas máis influentes de todos os tempos. Gañou dous premios Grammy, doce premios Latin Grammy (incluíndo dous premios Álbum do ano), catro premios MTV Video Music Awards, un MTV Europe Music Awards, tres UK Music Video Awards e dous Noise Awards, entre outros. Con el album “El mal querer” vendeu 40.000 copias e con “Motomami” 80.000 copias. Rosalía xa está en 40,10 millóns de OM mensuales en Spotify. É a primeira artista española en conseguilo, tamén foi a primeira en acadar os 30 e 20 millóns.



Concello de Vigo

Para o cálculo das vendas e as reproducións en streaming, seguiu-se o método seguido por Promusicae, comunicado a través do perfil de Twitter El Portal de Música:

“Como se incorpora o streaming á lista oficial de vendas de discos en España? Seguíronse os criterios unificados de IFPI, como se fai no Reino Unido e na maioría dos principais mercados do mundo. O seu obxectivo é, en primeiro lugar, contabilizar os oíntes dos discos completos, evitando que os sinxelos (cuxos oíntes xa se teñen en conta nas Top Songs) distorsionen o resultado. Ademais, se no caso da lista Top Songs, 375 escoitas dunha canción equivalen aproximadamente a unha venda, no caso de Top Albums esa equivalencia multiplícase polas 10 cancións que se establecen de media para un álbum, segundo estándares internacionais. Deste xeito, en España, 3.750 oíntes acumulados das cancións dun disco equivalen a unha venda para os efectos do cálculo das listas oficiais e dos certificados de Discos de Ouro e Platino. Esta cifra é aproximada, xa que depende da distribución de pesos entre a audición en streaming apoiada en publicidade ou de pago. Por iso, para unha correspondencia fiel e adaptada aos tempos, esta equivalencia é revisada e axustada semestralmente. Son criterios obxectivos de mercado que permiten protexer a integridade e veracidade das listas oficiais de venda e que, ademais, son un fiel reflexo das vendas de cada artista.”

O recorrente tamén compara a documentación esixida neste procedemento coa dos procedementos negociados sen publicidade por razóns de exclusiva, que teñen por obxecto unha actuación artista a desenvolverse nun día concreto. No entanto, o caso que nos ocupa é un patrocinio. Neste caso o obxecto do contrato non é a actuación artística como no anterior, senón a publicidade que o Concello pode obter con ocasión da celebración do concerto. O prazo de execución é de 60 días. Inclúe un exhaustivo Plan de Comunicación previsto no PPT, con accións a realizar, tanto polo contratista, como pola empresa de venda de entradas e o artista, razón pola que resultaba esencial ter acreditado posuír os dereitos de exclusiva.

Polas razóns expostas, procede formular proposta de desestimación do motivo de impugnación oitavo. Continuamos co motivo de impugnación noveno:

“Noveno.- Respecto de la vulneración de los principios de confianza legítima, seguridad jurídica y buena fe, así como también la doctrina de los actos propios.”

Con respecto a esta alegación, compre reiterar o xa manifestado con respecto a alegación anterior. O recorrente, profesional do sector, non confundiu unha carta de interese cun contrato, tal e como manifesta. Tampouco descoñece a diferenza entre contratar unha actuación artística ou un patrocinio. Se presentou ao procedemento aberto para a contratación dun patrocinio e aceptou as regras do xogo. O feito de que resultou excluído por su propia desidia non presentando a documentación esixida, ou, ao menos, poñendo de manifesto as súas dificultades para cumprir co esixido durante a fase de licitación, non lle faculta para lanzar tan graves acusacións, e carentes de fundamento, contra esta administración. Á vista destas circunstancias, procede propoñer ao órgano de contratación a desestimación deste motivo de impugnación. Por último, analizaremos o motivo de impugnación décimo:

“Décimo.- Respecto del cumplimiento del objeto y fin del contrato de patrocinio publicitario por parte de mi representada y del consiguiente enriquecimiento sin causa a favor del ayuntamiento de Vigo.”

Parece surrealista que o recorrente, unha vez inadmitido no procedemento para a contratación dun patrocinio, alegue agora que ten cumprido un contrato que non existe. E aduce achegar probas do cumprimento, que se reducen a súas propias manifestacións, e reclama o pago da cantidade prevista. Non volveremos a entrar na inexistencia de ningún vinculo contractual entre esta Administración e o recorrente, que temos tratado xa ao longo deste fundamento xurídico.

Con respecto a reclamación do pago, é preciso destacar, que aínda que executase o contrato, non necesariamente cobraría a cantidade que solicita, por canto, atendendo a regulación do retorno publicitario, so se cobraría o prezo do contrato de acadarse o valor publicitario mínimo das accións publicitarias así como unha rendibilidade mínima. Dí ao respecto a cláusula 35 do PCAP o seguinte:

“1.- A contraprestación deste contrato concrétase no retorno indirecto de carácter publicitario para o Concello de Vigo da celebración do concerto.

2.- O concerto deberá ter unha repercusión mediática relevante, para o que deberá cumprir as seguintes condicións:

- Valor publicitario mínimo das accións publicitarias, sen IVE: 1.563.591,84 €*
- Rendibilidade mínima do patrocinio 500%*

3.- De non cumprirse as condicións esixidas no apartado anterior ou as especificadas polo adxudicatario na súa oferta se fosen máis vantaxosas, detraerese do prezo a aboar ao contratista o importe equivalente á porcentaxe non cumprida”.

**-V-
Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido, neste caso a Xunta de Goberno Local (artigo 121.1 da LPAC).

O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o órgano que ditou o acto recorrido, a Xunta de Goberno Local (artigo 121.3 da LPAC).

O órgano competente para a resolución da reclamación de enriquecemento inxusto é a Xunta de Goberno Local.

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“1º.- "Acumulación dos seguintes escritos presentados por D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335):

- a) Reclamación de cantidade (documento nº 230163108), presentada o 9 de xuño de 2023 e reiterada no recurso de alzada citado no apartado seguinte como reclamación de enriquecemento inxusto.*
- b) Recurso de alzada (documento nº 230200683), interposto o 30 de xuño de 2023*
- c) Recurso de reposición (documento nº 230211505), interposto o 14 de xullo de 2023.*



Concello de Vigo

2º.- Admitir o recurso de alzada citado no apartado 1.b impugnando o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 1 de xuño de 2023, polo que non se admite a SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) e se formula ao órgano de contratación proposta de declaración do procedemento deserto por ser o recorrente o único licitador presentado.

3º.- Desestimar o citado recurso de alzada, polas razóns expostas no fundamento xurídico II deste informe.

4º.- Inadmitir o recurso de reposición citado no apartado 1.c impugnando o acordo da XGL de 8 de xuño de 2023 de declaración de deserto do citado procedemento, polas razóns expostas no fundamento xurídico III deste informe.

5º.- Desestimación da reclamación de enriquecemento inxusto citada no apartado 1.a, polas razóns expostas no fundamento xurídico IV deste informe.

6º.- A acumulación de procedementos acordada no punto 1º do presente acordo, non é susceptible de recurso consonte ó disposto no artigo 57 da LPAC.

7º.- Contra a resolución do recursos de alzada e a inadmisión do recurso de reposición procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, que poderá interpoñerse, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP).

8º.- A desestimación da reclamación de enriquecemento inxusto é susceptible de recurso potestativo de reposición, que poderá interpoñerse ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, que poderá interpoñerse, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(600).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓNS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 22851/333.

Visto o informe xurídico do 10/07/2023 e o informe de fiscalización do 11/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 26/06/2023, asinado polo xefe do servizo de

Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

a) A Xunta de Goberno Local , con data 11 de abril de 2019 , acordou aprobar o expediente de Contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria da “**CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. 18183/333**” para un período de dous anos, e tres prórrogas dun ano cada unha delas (trámite núm. 110).

b) Con data 6 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local, declara desertos os lotes núm. 1 (materiais para fontanería e saneamento) e núm. 2 (materiais para construción), debido a que no caso do lote número 1, a proposta presentada pola mercantil COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL, avaliable a través de fórmula apártase substancialmente do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP), e no caso do lote número 2, non se presentou ningunha proposición (trámite núm. 187).

c) Coa mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acorda aprobar a CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DOS LOTES 3 (material de ferretería), 4 (material para instalacións eléctricas) e 5 (material pintado) PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (trámite núm. 192).

d) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo:

1. “Adxudicar a FERRETERÍA VALFER, S.L. o lote 3 (materiais de ferretería) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.



Concello de Vigo

2. Adxudicar a MARESA ELECTRICIDAD, S.L. o lote 4 (material para instalacións eléctricas) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
3. Adxudicar a MORGASA, S.L. o lote 5 (material pintado) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

e) Os respectivos contratos foron formalizados o 28.08.2019 (lote núm. 3 “material de ferretería” coa mercantil VALFER, SL), o 30.08.2019 (lote núm. 5 “material pintado” coa mercantil MORGASA, SL) e o 02.09.2019 (lote núm. 4 “material para instalacións eléctricas” coa mercantil MARESA ELECTRICIDAD, SLU). (trámites números 359, 368 e 371) e as empresas constituíron as preceptivas garantías definitivas (trámites 249, 254 e 260). Os prazos de execución dos contratos, comezaron ao día seguinte da súa sinatura.

f) Con data 04.09.2019, o xefe do Servizo de Deportes, realizou INFORME PROPOSTA, dirixido á Intervención Xeral, PARA O AXUSTE DE ANUALIDADES DO EXPTE NÚM. 18183-333 “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓNS A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO” (trámite núm. 382), no que ficaban recollidos os prezos totais do contrato para os dous anos de vixencia:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, adxudicado á empresa Valfer, SL, por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, adxudicado á empresa MARESA ELECTRICIDAD, SL, por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, adxudicado á empresa MORGASA, SL, por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

g) Con data 2.06.2021, enviouse notificación ás empresas adxudicatarias de cadanseu lote (VALFER, SL, MARESA ELECTRIDAD, SLU E MORGASA, SL), os avisos previos da primeira prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámites 485, 486 e 487). Consta acuse de recibo da recepción das notificacións enviadas dende este Servizo de Depores (trámites 495, 496 e 497).

h) Con data 8.07.2021, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, aproba a “PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20681/333”, que afecta aos lotes nº 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA” (adxudicataria Valfer, SL), nº 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS” (adxudicataria Maresa Electricidad, SL) e lote nº 5 “MATERIAL PARA PINTADO” (adxudicataria Morgasa, SL).

i) Con data 31.05.2021, envíase notificación ás empresas adxudicatarias de cadanseu lote (VALFER, SL, MARESA ELECTRIDAD, SLU E MORGASA, SL), os avisos previos da segunda prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámites 504, 505 e 506). Consta acuse de recibo da recepción das notificacións enviadas dende este Servizo de Depores (trámites 514, 515 e 516).

j) Con data 22.07.2022, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, aproba a “SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21672-333”, que afecta aos lotes nº 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA” (adxudicataria Valfer, SL), nº 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS” (adxudicataria Maresa Electricidad, SL) e lote nº 5 “MATERIAL PARA PINTADO” (adxudicataria Morgasa, SL).

k) Con data 31.05.2023, envíase notificación ás empresas adxudicatarias de cadanseu lote (VALFER, SL, MARESA ELECTRIDAD, SLU E MORGASA, SL), dos avisos previos da terceira prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámites 7, 8 e 9 do expte núm. 22851-333). Consta acuse de recibo da recepción das notificacións enviadas dende este Servizo de Depores (trámites 16, 18 e 19 do expte núm. 22851-



Concello de Vigo

333).

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

Ningunha das empresas adxudicatarias dos distintos lotes, presentou documento de oposición a prórroga proposta.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

As empresas que desenvolven os lotes do contrato de subministro (VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SL e MORGASA, SL), no transcurso do período contractual (incluída a primeira e segunda prórroga) veñen desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a materiais a subministrar, condicións de entrega do material, prazos de entrega, prezos dos materiais, prazos de garantía e calidade dos materiais subministrados.

4.- Prezo total do contrato nos dous primeiros anos e nas prórrogas primeira e segunda.

4.a) Prezo total do contrato nos dous primeiros anos:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, adxudicado á empresa Valfer, SL, por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, adxudicado á empresa MARESA ELECTRICIDAD, SL, por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, adxudicado á empresa MORGASA, SL, por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

4.b) Prezo total do contrato na primeira prórroga:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL, polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2021 e 28 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2021 e 2 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2021 e 30 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

4.c) Prezo total do contrato na segunda prórroga:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2022 e 28 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros,



Concello de Vigo

sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2022 e 2 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2022 e 30 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

5.- Prezo para o período da terceira prórroga.

En atención a que a terceira e última prórroga é por 1 ano, a partir da data de remate da primeira prórroga, e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo para cada un dos lotes no período da prórroga, quedaría deste xeito:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2023 e 28 de agosto de 2024, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2023 e 2 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2023 e 30 de agosto de 2024, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

6.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo á aplicación orzamentaria 3420-2120000 “EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS”, do orzamento de gastos en vigor da Concellaría de Deportes.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministros en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Polo anteriormente exposto e conforme co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, solicítase á Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta de terceira e última prórroga do contrato de **“SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO-LOTES 3, 4 E 5”**, previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a 3ª prórroga dun ano do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO-LOTES 3, 4 E 5”, para os períodos, importes e partida orzamentaria, que se indican deseguido:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2023 e 28 de agosto de 2024, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 “Edificios e outras construcións”, coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2023 (29.08.2023 a 31.12.2023): 14.439,69 €
- Ano 2024 (01.01.2024 a 28.08.2024): 28.169,20 €

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2023 e 2 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación



Concello de Vigo

do contrato. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 “Edificios e outras construcións”, coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2023 (03.09.2023 a 31.12.2023): 14.533,68 €
- Ano 2024 (01.01.2024 a 02.09.2024): 29.806,35 €

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2023 e 30 de agosto de 2024, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 “Edificios e outras construcións”, coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2023 (31.08.2023 a 31.12.2023): 5.269,40 €
- Ano 2024 (01.01.2024 a 30.08.2024): 10.408,15 €

Segundo: notificar este acordo da 3ª prórroga ás empresas VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SL e MORGASA, SL, adxudicatarias dos lotes 3, 4 e 5 do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO”, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(601).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE EXACCIÓN UNIFICADAS INDUSTRIAIS: LIXO COMERCIAL, ENTRADA DE VEHÍCULOS E RESERVA DE APARCAMENTO DO ANO 2023. EXPTE. 55934/516.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, de data 04/07/2023, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2023 (taxa de lixo comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 6.855.240,87 Euros, segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 20284 que figura a nome de “123 WASH LAVANDERIAS EXPRESS SL”, e remata coa inscrición nº 17888 que figura a nome de “ÁLVAREZ BOUZA ALISON”, cun total de 23.463 inscricións (23.325 recibos) e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	5.098.084,15.- Euros
- Entrada vehículos	1.719.370,52.- Euros
- Reservas aparcamento	37.786,20.- Euros

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(602).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19981/77.

Visto o informe xurídico do 11/07/2023 e o informe de fiscalización do 12/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 30/06/2023, asinado pola técnica de xestión por ausencia da xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (Instrución da terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, a tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, de 26/06/2023 e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 17/04/2023, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego resolveu iniciar o expediente de contratación da subministración en réxime de arrendamento (renting) de vehículos sen condutor para o desprazamento das persoas traballadoras seleccionadas dentro do Plan Municipal de Emprego.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego de data 17/04/2023.
- b) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, asinado pola técnica de xestión en data e pola xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego en data 21/04/2023.
- c) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 21/04/2023.
- d) Memoria económica do contrato, de data 21 de abril de 2023, asinada pola técnica de xestión, xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego e conformada polo Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda en data 25/05/2023.
- e) Documento contable de retención de crédito de 26/04/2023 (RC núm. Operación: 202300049430 e RCFUT núm. operación: 202300049432)
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 26/04/2023 corrixida en data 08/06/2023, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e a Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 24/05/2023.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 30/06/2023, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada por Resolución de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8 de setembro de 2022. A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en resolución de 17/04/2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (19981-77) por procedemento aberto simplificado do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 21 de abril de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 30 de xuño de 2023, que rexerán a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

3º.- Aprobar o gasto de 70.422,00 euros (IVE incluído de 12.222,00 €) para a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo, distribuído do xeito seguinte:



Concello de Vigo

- 17.605,50 € correspondentes ao ano 2023
- 35.211,00 € correspondentes ao ano 2024
- 17.605,50 € correspondentes ao ano 2025

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

As técnicas que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(603).- CORRECCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 01/06/2023, DE "APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO DUAL "VIGO CAPACITA IX" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN". EXPTE. 20085/77.

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. Núm. 85, do 04 de maio, publicouse a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento TR353A).

II. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 01/06/2023, acordou:

Aprobar o proxecto denominado Obradoiro de Emprego dual "VIGO CAPACITA IX", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "Orde do 21 de abril

de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento TR353A), publicado no DOG. núm. 85, do 04 de maio.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego dual "VIGO CAPACITAIX".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

III. Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, formúlase requirimento asinado en data 11/07/23 polo xefe de servizo de Formación para o Emprego (e recibida na mesma data) a fin de proceder á súa subsanación, sendo preciso rectificar o erro de cálculo da cota patronal do alumnado traballador.

Unha vez corrixidos os cálculos do orzamento do proxecto, a subvención a solicitar na presente convocatoria sería de **531.046,20€**, en lugar dos 535.749,60€ que contemplaba inicialmente o proxecto de Obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX.

A achega municipal estimada en 45.001,00€, a incluír nas correspondentes partidas municipais dos anos 2023 e 2024 dos orzamentos municipais de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia, non se ve alterada pola presente rectificación.

Dacordo co informe asinado polo Interventor Xeral Municipal de data 26/05/2023, que consta no expediente: *Para o caso de que a subvención solicitada fora concedida, unha vez que conste a existencia formal do compromiso firme de achega pola entidade concedente, poderá xerarse crédito no estado de gastos do orzamento vixente ata a contía do compromiso non previsto no orzamento en vigor. Neste suposto, trátase dun recurso afectado á realización dun gasto determinado polo que debe de ser obxecto do adecuado control e seguimento contable para garantir o cumprimento das finalidades impostas pola normativa orzamentaria e contable.*

*Con todo, e tendo en conta que como consecuencia da aprobación do presente expediente non se producirá autorización ou aprobación de gasto algún para o Concello de Vigo con cargo aos seus orzamentos, nin ningunha fase de execución orzamentaria, **o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización ou intervención previa.***



Concello de Vigo

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego en funcións, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, modificado o 8 de setembro de 2022 onde figuran as delegacións en materia de Emprego, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Subsanan o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 01/06/2023, dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade recibido o 11/07/2023, que quedaría co seguinte tenor literal:

- 1. Aprobar o proxecto denominado Obradoiro de Emprego dual “**VIGO CAPACITA IX**”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento TR353A), publicado no DOG. núm. 85, do 04 de maio.*
- 3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4. Delegar na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego dual “**VIGO CAPACITAIX**”.*

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(604).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DIRECCIÓN XERAL DE DEREITOS DOS ANIMAIS DO MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS E AXENDA 2030, DESTINADA A MELLORAR E IMPULSAR O CONTROL POBLACIONAL DE COLONIAS FELINAS. EXPTE .16784/306.

Visto o informe de intervención do 17/07/2023 dáse conta do informe-proposta do 12/07/2023, asinado polo técnico de administración xeral-rama xurídica, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira delegada de Medio Ambiente e a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Orde DSA/1352/2022, do 22 de decembro (BOE 03.01.2023), do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, destinadas a mellorar e impulsar o control poblacional de colonias felinas.

Por resolución do 9 de maio de 2023 (BOE 23.05.2023), da Subsecretaría de Dereitos Sociais e Axenda 2030, se convocan subvencións ás entidades locais destinadas a mellorar e impulsar o control poblacional de colonias felinas, correspondente ao ano 2023 (código BDNS: 696605).

A Concelleira delegada de Medio Ambiente ditou orde de inicio de data 12/07/2023, de procedemento administrativo tendente a solicitar axudas destinadas a mellorar e impulsar o control poblacional de colonias felinas.

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención: Axudas ás entidades locais destinadas a mellorar e impulsar o control poblacional de colonias felinas (disposición primeira da resolución de 9 de maio de 2023 (BOE 23.05.2023), da Subsecretaría de Dereitos Sociais e Axenda 2030).

Proxectos subvencionables: Os gastos subvencionables de cada proxecto son os previstos no artigo 17 da Orden DSA/1352/2022, de 22 de decembro, e no que á Área de Medio Ambiente interesa compre indicar:

- Gastos para a realización de cirurxías de ovariohisterectomía e orquiectomía (art. 17.2.a) -ap. 2º Orden DSA/1352/2022, do 22 de decembro).
- Gastos en implantación de microchip dos individuos das colonias felinas (art. 17.2.b) -ap. 1º Orden DSA/1352/2022, do 22 de decembro).



Concello de Vigo

Porcentaxes financiáveis:

- Para os proxectos dirixidos á realización de cirurxías de ovariectomía e orquiectomía ata o 100% do investimento subvencionable, ata un máximo de axuda de 97.500 euros (art. 14.2.a) e art. 17.2.a) -ap. 2º Orden DSA/1352/2022, de 22 de decembro).
- Para os proxectos dirixidos á implantación de microchip dos individuos das colonias felinas ata o 80% do investimento subvencionable, ata un máximo de axuda de 97.500 euros (art. 14.2.b) e art. 17.2.b) -ap. 2º Orden DSA/1352/2022, de 22 de decembro).

Beneficiarios: Entre outros, os concellos que dispoñan de programa de xestión ética aprobado.

Prazo Presentación: Ata 23 de xullo de 2023.

Forma de presentación: Unicamente por medios electrónicos.

Documentación esixible: A solicitude da subvención precisa, entre outra documentación, conforme a disposición sexta, apartado primeiro da citada resolución do 9 de maio de 2023:

- Memoria descritiva do proxecto conforme ó modelo establecido no Anexo I da resolución do 9 de maio de 2023.

- Memoria técnica conforme ó modelo establecido no Anexo III.

- Cronograma de actuacións previstas para a execución do proxecto conforme ó modelo establecido no Anexo II.

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada na disposición sexta da resolución de 9 de maio de 2023. O pago da subvención se realizará con carácter anticipado polo 100 por cento da subvención concedida.

III.- Memoria descritiva do obxecto da subvención:

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e o técnico de Administración Xeral adscrito o Servizo de Medio Ambiente redactaron e asinaron en data 12/07/2023 a Memoria descritiva do proxecto conforme ó modelo establecido no Anexo I da resolución do 9 de maio de 2023, da Subsecretaría de Dereitos Sociais e Axenda 2030,

A memoria descritiva do proxecto sinala que:

"1.- Identificación do Proxecto

1.1.- Nome descritivo do proxecto

1.1.1. Intensificación do control poblacional de colonias felinas mediante o método de captura, esterilización e retorno (CER): Realización de cirurxías de ovariectomía e orquiectomía.

1.1.2. Impulso da identificación dos gatos comunitarios mediante a implantación de microchip.

1.2.- Actuación/s financiable/s.

- Gastos para a realización de cirurxías de ovariectomía e orquiectomía (art. 17.2.a) -ap. 2º Orden DSA/1352/2022, do 22 de decembro).
- Gastos en implantación de microchip dos individuos da colonia (art. 17.2.b) -ap. 1º Orden DSA/1352/2022, de 22 de decembro).

1.3.- Breve descripción do proxecto.

O obxectivo do Concello de Vigo é impulsar a identificación dos gatos comunitarios mediante a implantación de microchip e intensificar o Plan Sanitario de Esterilización Felina que o Concello de Vigo leva executando desde o ano 2010.

1.4.- Ámbito territorial do proxecto.

O ámbito territorial do proxecto abarca o Concello de Vigo, o cal ten unha extensión de 110 km² e unha poboación de 292.374 habitantes (Fonte:INE)

1.5.- Data prevista para o inicio do proxecto.

- Data de inicio do proxecto: 01.01.2024 .

1.6.- Data prevista para a finalización do proxecto.

- Data de finalización do proxecto: 31.03.2024 .

1.7.- Orzamento total da inversión no programa desagregado por cada unha das actuacións a realizar.

Accións a desenvolver desde o 01.01.2024 ata o 31.03.2024	Custo por animal	Base	%Ive	Ive	Total
Recollida/retorno e cirurxías de ovariectomía e orquiectomía para un número estimado de 255 animais	190	48.450,00	21	10.174,50	58.624,50
Implantación microchip para un número estimado de 255 animais	43	10.965,00	21	2.302,65	13.267,65
		59.415,00		12.477,15	71.892,15



Concello de Vigo

1.8.- Orzamento de inversión na anualidade en curso.

A data prevista para o inicio do proxecto é o 01.01.2024.

1.9.- Fuentes de financiación.

Accións a desenvolver desde o 01.01.2024 ata o 31.03.2024	Base sen iva	Cofinanciación local %	Cofinanciación autonómica %	Total cofinanciación
Recollida/retorno e realización de cirurxías de ovariectomía e orquiectomía	48.450,00	0	0	0
Implantación microchip	10.965,00	20	0	2.193,00
Total				2.193,00

1.10.- Proyecto CER aprobado.

«Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Sociedade Protectora de Animais y Plantas de Vigo», aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.02.2021 e formalizado en documento administrativo en data 23.02.2021 e en vigor.

Polo que respecta ós gastos para a Administración municipal cómpre sinalar o seguinte:

O Servizo de Medio Ambiente disporá da partida de gasto ordinario 1721.2279911. «Gastos animais» para facer fronte o importe financiado pola Administración local: 2.193,00 euros mais o iva.

V.- Fundamento xurídicos:

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (en adiante, LPBACG), establece como obrigas municipais:

- “Artigo 6. Competencias das administracións en materia de protección animal.

1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.
(...)”.

- “Artigo 26. Colonias felinas

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible

destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións."

En termos semellantes, os artigos 22, 38 e 39 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (BOE 29/03/2023, entrada en vigor o 29/09/2023).

Asemade, o artigo 25.2. apartados b) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no "medio ambiente urbano" e na "salubridade pública".

A Área municipal de Medio Ambiente ten atribuído, por delegación do alcalde de data 03/07/2023, a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa ós animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

A competencia para efectuar a solicitude está atribuída o alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 1. da resolución de delegación de competencias do alcalde na xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO do 28/06/2023).

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral de Dereitos dos Animais do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 as axudas no marco da convocatoria regulada pola resolución do 9 de maio de 2023 (BOE 23.05.2023), da Subsecretaría de Dereitos Sociais e Axenda 2030, pola que se convocan subvencións ás entidades locais destinadas a mellorar e impulsar o control poblacional de colonias felinas, correspondente ao ano 2023 (código BDNS: 696605), conforme a memoria descritiva do proxecto redactada e asinada dixitalmente en data 12/07/2023 polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e o técnico de Administración Xeral adscrito o Servizo de Medio Ambiente, obrante no expediente 16784/306, sendo o importe total do proxecto de 71.892,15 € (IVE engadido).

SEGUNDO .- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de datas 19/06/2023 e 03/07/2023, asinará os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(605).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “TRABALLOS DE CONTROL DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS EN TERREOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE .16650/306.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 17/07/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, o xefe da Área de Investimentos da Área de Fomento, a concelleira delegada de Medio Ambiente, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME PROPOSTA:

I.- Antecedentes de feito

En data 22 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de solicitar á Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia a axuda no marco da convocatoria da “Orde do 10 de xuño de 2022, da dita Consellería (DOG 28/06/2022) pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023, conforme a “Memoria para o control e desenvolvemento de metodoloxía de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo, sendo o importe total da actuación de 120.853,04 € (IVE engadido), dos cales 10.658,90 € corresponden á anualidade 2022 e 110.194,14 €, corresponden a anualidade 2023, e cun importe a subvencionar do 100% do investimento subvencionable -importe total menos o IVE-, Expte. 16123/306.

En data 7 de decembro de 2022, tivo entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo co número de documento 220314396, a resolución do 2 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia na que se aproba a axuda por un importe de 99.878,55 euros, para o control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo, a executar nos anos 2022 e 2023.

En data 17 de xaneiro de 2023, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo co número de documento 230014689, a resolución do 13 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, na que se acordou, a petición deste Concello de Vigo, o reaxuste de anualidades para que se imputa o gasto da axuda por un importe de 99.878,55 euros (sen IVE), para o control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo, na súa totalidade ó ano 2023.

A axuda outorgada ó Concello de Vigo foino no marco da convocatoria da “Orde do 10 de xuño de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (DOG 28/06/2022) pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional

Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023.

En data 23/02/2023, a concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou resolución adxudicando o contrato menor de servizos á empresa Novocontorno, S.L., CIF B36892842, para a elaboración de documentación técnica, supervisión e seguimento, para realizar os traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo obxecto da axuda outorgada (expte. 16496/306).

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 09/05/2023, emite informe sobre a necesidade e idoneidade da contratación destes traballos.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 05 de novembro de 2020 en relación coa resolución do alcalde de data 04 de setembro de 2020, resolveu en data do 09/05/2023, *“iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos “servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do concello de Vigo obxecto da resolución de axuda de 2/12/2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMATV da Xunta de Galicia (expte. 16123/306) e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma.”* (Expte. 16650/306).

Con data de presentación e sinatura dixital do 19 e 22/05/2023, respectivamente, o biólogo colexiado 17.124X, Francisco Javier García Quinteiro, da entidade Novocontorno, S.L., CIF B36892842, achegou os documentos técnicos consistente en “Prego de Prescricións Técnicas Particulares”, “Xustificación de prezos e orzamentos das actuacións” que se incorporaron ó expediente obxecto de contratación.

Segundo informe asinado dixitalmente en data 19 e 22/05/2023, polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, pola E.C.C.P. municipal- Programa Next Generation.-, e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, o PPTP adecúase os artigos 124 e 125 da LCSP e ó contido da memoria que xustificou a axuda outorgada e antes citada relativa á Orde de 10 de xuño de 2022 da CMTV da Xunta de Galicia con cargo ó plan de Recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT821A),

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Investimentos da Área de Fomento en data do 22/05/2023, asinan memoria económica deste contrato.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu documento contable de retención de crédito núm. 116838/2023, con cargo a partida orzamentaria 1721.227.99.13 Control especies exóticas invasoras, proxecto: 23172113, por importe de 90.537,37 €, asinado dixitalmente en datas 23/05/2023,



Concello de Vigo

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Investimentos da Área de Fomento en data do 12/07/2023, asinan a memoria xustificativa deste contrato.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Investimentos da Área de Fomento en data do 12/07/2023, asinan informe complementario á memoria económica deste contrato.

A técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos redactaron o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 14/07/2023.

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

A finalidade da administración municipal con este contrato é a protección do medio ambiente, especialmente urbano, a sensibilización na protección do medio ambiente.

As actuacións de eliminación e control de especies exóticas invasoras en zonas públicas do Concello de Vigo co obxecto de conservación da biodiversidade, dos hábitats e restauración de ecosistemas degradados, encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.2. apartados b), d) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, “salubridade pública”.

Tamén, no Diario Oficial de Galicia do 18 de xaneiro de 2019, publicouse a Instrución 1/2019, de 7 de xaneiro, de Augas de Galicia para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario. Dita instrución establece nos apartados II e III do Anexo que:

(...)

Tramos fluviais urbanos: os tramos fluviais que discorran por zonas de asentamento de poboación ou de actividades económicas, dispostas en trama urbana, onde predominen edificacións e infraestruturas sobre os espazos rurais ou naturais.

III. Criterios relativos a actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial en tramos urbanos.

Con carácter xeral, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, en aplicación da sentenza do Tribunal Supremo nº 1962/2017 que interpreta o artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional (LPHN), no sentido de declarar que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas.

Para facilitar o labor dos concellos competentes, Augas de Galicia identificará estes tramos tomando como base o estudo de coberturas a partir de cartografías oficiais, así como outros estudos complementarios que se consideren oportunos. A dita información poderá

*consultarse no visor «NODO IDE DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA»:
<https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.
(...)»*

O dito visor de Augas de Galicia inclúe a canle polo que discorre o río Lagares, practicamente, en tramos fluviais urbanos, ademais de tramos doutros afluentes como río Eifonso destes.

A Sentenza núm. 1962/2017, de 13 de decembro, do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 4ª, Rec. 2297/2015, considerou que nas canles públicas cando de zona urbanas se trata, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, e, no caso concreto da sentenza, no apartado 3º do Fallo, declarou que a competencia para realizar as actuacións correspondía o concello de Málaga.

Por tanto, a citada sentenza considera que nas canles públicas cando de zona urbanas se trata, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polos concellos, con fundamento na lexislación de réxime local, na autonomía local e na aplicación do artigo 28.4. da Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional que o aplicou a unha cunca intracomunitaria.

O río Lagares discorre pola Demarcación Hidrográfica Galicia Costa -cunca intracomunitaria- cuxo organismo de xestión da cunca é Augas de Galicia e cuxo descorrer polo termo municipal de Vigo é, practicamente, por tramos fluviais urbanos ó igual que outros tramos de ríos afluentes daquel.

De conformidade co indicado, estaríamos de novo ante competencias propias da Administración municipal ao abeiro do establecido no artigo 25.1., apartados a) e b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Área de Medio Ambiente ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde de datas 19 e 2º/06/2023 e 03/07/2023, nas materias de protección do medio ambiente urbano.

O desenvolvemento dos servizos obxecto deste expediente céntranse fundamentalmente, na protección do medio ambiente, especialmente urbano, en zonas cun importante patrimonio natural e cunha grande biodiversidade como son as ribeiras do río Lagares e os seus afluentes, zonas costeiras lindantes co monte (a Guía), onde cómpre realizar actuacións de eliminación e control de especies exóticas invasoras co obxecto de conservación da biodiversidade, dos hábitats e restauración de ecosistemas degradados cos seus valores naturais autóctonos, polo que faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios e adecuados para a execución deste servizo, dado que o mesmo demanda unha esixencia de persoal cualificado e con una determinada dedicación temporal, que non pode ser executado directamente pola propia estrutura municipal.

O biólogo colexiado 17.124X, Francisco Javier García Quinteiro, da entidade Novocontorno, S.L., CIF B36892842, por encargado da Concellería de Medio Ambiente, redactou documentación técnico dos traballos a realizar obxecto do contrato e que serviu de base para efectuar polo Concello de Vigo: Servizo de Medio Ambiente a declaración responsable para a execución dos traballos a Augas de Galicia.



Concello de Vigo

b) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é “a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do concello de Vigo obxecto da resolución de axuda de 2/12/2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMATV da Xunta de Galicia. Financiado polo PRTR-Next GenerationEU”, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, non suxeito a regulación harmonizada ao ser o valor estimado do contrato inferior ó establecido no artigo 22.1.b) da citada Lei; nin susceptible de recurso especial en materia de contratación ó non superar o valor estimado do contrato o indicado no artigo 44 da citada norma.

Tendo en consideración que a achega aprobada pola CMTV da Xunta de Galicia o é con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, esta actuación tal e como se indica nos pregos que rexeran a contratación, debe cumprir coa normativa de aplicación de acordo co Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ca Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ca Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria. e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ca Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo, regúlase, tamén, polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos dos beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar a documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.

Asemade, o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar dano significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no

RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar dano significativos", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

Ao abeiro do previsto no artigo 102.4 e da Disposición Adicional 33ª da LCSP, o empresario obrígase a prestación de servizos por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas ás necesidades reais finais, facendo unha estimación que pode verse alterada no proceso de execución.

No referente ao número de unidades de servizos a executar, atópanse delimitadas polo orzamento máximo que se sinala no documento de xustificación de prezos desagregándose en número de unidades estimadas.

O prazo de execución de contrato na presente anualidade 2023, establécese en dous meses. O contrato non se divide en lotes tal e como se xustifica na documentación redactada e obrante no expediente, o obxecto do contrato é unha única unidade funcional para a execución dos traballos que segue a mesma metodoloxía na realización destes.

Os criterios de valoración sinalados no PCAP, debidamente xustificadas, para a adxudicación deste contrato sono por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poden valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Establécese a aplicación dun 65% dos criterios de adxudicación a criterios avaliados a través de fórmula e un 35% a través de criterios avaliados a través de xuízo de valor.

Trátase dun contrato de servizos contemplado no artigo 17 LCSP, nos que a prestacións a realizar consisten na realización duns concretos traballos que se determinan no PPTP e por prezo unitario certo por m², ml ou unidade, o non ser posible definir con total exactitude a superficie total, nin a totalidade das tarefas a realizar, nin o número de unidades exactas, xa que ó tratarse de servizos en elementos vivos, en constante evolución, (marxe do río, arborado) e moi complicado establecer ao tempo de celebrar o contrato o orzamento total, sendo este orientativo e subordinada ás necesidades. Por outra banda, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 33ª LCSP, deberá aprobarse un orzamento máximo.

O orzamento máximo resulta de aplicar ós prezos unitarios ás medicións estimadas en campo que se reflicte no PPTP.

O importe do orzamento base de licitación estímase en NOVENTA MIL CINCO CENTOS TRINTA E SETE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (90.537,37 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de QUINCE MIL SETECENTOS TRECE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (15.713,10 €).



Concello de Vigo

O gasto imputarase á partida orzamentaria 1721.227.99.13 Control especies exóticas invasoras, proxecto: 23172113, por importe de 90.537,37 €.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu documento contable de retención de crédito núm. 116838/2023 polo citado importe, asinado dixitalmente en datas 23/05/2023,

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do concello de Vigo obxecto da resolución de axuda de 2/12/2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMATV da Xunta de Galicia. Financiado polo PRTR-Next GenerationEU”.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo biólogo colexiado 17.124X, Francisco Javier García Quinteiro, da entidade Novocontorno, S.L., CIF B36892842, asinado dixitalmente en data 19/05/2023.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 14/07/2023.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 90.537,37 € (IVE 21% engadido), sendo a cota correspondente ó IVE de 15.713,10 €, con cargo a partida orzamentaria de gasto 1721.227.99.13 Control especies exóticas invasoras, proxecto: 23172113.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(606).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVENIDA FRAGOSO”. EXPTE. 1584/441.

Visto o informe xurídico do 05/07/2023 e o informe de fiscalización do 13/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2023, asinado pola técnica de xestión, o técnico de administración xeral e xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- En virtude do contrato de servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (Expdte. 5.036-440), presentase borrador de proxecto de “URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVDA. FRAGOSO”, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 19.05.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 19.01.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 23 e 24 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de febreiro de 2023 aprobou o proxecto de obras de “URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVDA. FRAGOSO”, redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €) e data xaneiro de 2023, e con sinatura dixital de data 19.01.2023.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 02.02.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.565-443, e que inclúe Prego de



Concello de Vigo

Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, asinado dixitalmente en data 19.01.2023.

- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de data 08.02.2023.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 09.02.2023.
- D)** Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 11 e 12 de abril de 2023.
- E)** Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 17.04.2023.
- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 17.04.2023.
- G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 17 e 18 de abril de 2023..
- H)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21.06.2023.
- I)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21.06.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de

Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19.01.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVENIDA FRAGOSO” redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21.06.2023 que rexerá o presente contrato, e cuxo orzamento de licitación ascende a UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 317.925,49 €, distribuído nas seguintes anualidades:

2023	1.750.000,00 €
2024	81.856,40 €

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 619 00 39 (Humanización Rúa Val Miñor) do vixente orzamento por importe de 1.750.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na mesma aplicación orzamentaria, crédito por importe de 81.856,40 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do artista Coral Casablanca dentro do "programa de espectáculos de verán de Vigo en festas 2023". Expte 9698-335.

.- Expediente de contratación do servizo e subministro da iluminación decorativa da cidade de Vigo na campaña do nada. Expte. 9274/106.

.- Informe ao recurso especial presentado ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS. Expte. 2926/315.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(607).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO ARTISTA CORAL CASABLANCA DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023". EXPTE 9698-335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 20/07/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e a concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



Concello de Vigo

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 24 de abril de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu iniciar o expediente de contratación do **ARTISTA CORAL CASABLANCA DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 24 de abril de 2023.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2023".
- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).
- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual "VIGO EN FESTAS" publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 16 de febreiro de 2023.
- Acta da Comisión de valoración das propostas de actuación artística presentadas, de data 14 de marzo de 2023, na que figura para a actuación deste artista a entidade CATEGÓRICA.
- Consta acreditado no expediente que D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa cualidade de presidente da Fundación Casablanca, ostenta a condición de

representante do artista "CORAL CASABLANCA". Así mesmo, queda acreditado que, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 29 de xullo a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 8 de xuño de 2023.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 8 de xuño de 2023.
- Memoria económica de datas 31 de maio e 1 de xuño de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 5 de xuño de 2023 (operación nº 202300127702)
- Memoria xustificativa, de data 12 de xuño de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).

 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, corresponde ao concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas o inicio do expediente.



Concello de Vigo

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de actuación do **ARTISTA CORAL CASABLANCA DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 3 de xullo de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de **44.165,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **36.500,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **3380.226.0906 (Festas de Vigo)** do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(608).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO E SUBMINISTRO DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NA CAMPAÑA DO NADAL. EXPTE. 9274/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 20/07/2023 e o informe de fiscalización do 21/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 20/07/2023, asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio, o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución de data 12/01/2023 o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministrados da iluminación decorativa de Vigo nas Campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade** asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 12/01/2023.

- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en data 12/01/2023.

- **Documentos económicos de retención de crédito** con operacións nº 202300023765 -RC- e 202300023766-RCFUT asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención con data 01/03/2023.

- **Prego de prescricións técnicas particulares** (artigo 116.3 LCSP) asinado polo enxeñeiro municipal en data 07/07/2023.

- **Declaración de neutralidade** dos redactores do prego de prescricións técnicas, de data 27/03/2023.

- **Memoria económica** asinada polo enxeñeiro municipal, polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais con data 15/05/2023.

- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo xefe de Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 15/05/2023.



Concello de Vigo

- **Informe da xefa do Servizo de Contratación** de data 21/04/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación da subministración e a prestación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, de data 16/05/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especias mediante resolución de data 12/01/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, se tramita como un contrato mixto, de servizos e subministro. Así, tendendo ao volume das actuacións definidas anteriormente, debe considerarse que os servizos e o traballo do proceso decorativo, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos luminosos instalados, ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun **82 %** do custe, mentres que os procesos derivados da subministración en réxime de alugueiro dos diversos elementos luminosos estímase nun **18%** do custe total do contrato.

Terceiro.- O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada toda vez que o seu valor estimado supera os 221.000 euros (artigo 22 da LCSP).

Cuarto.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Quinto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Sexto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sétimo.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Oitavo.- Consta informe favorable da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo de data 23/06/2023 no que indica que *“non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito polo que poderá continuar a súa tramitación, sempre que conste a expresa conformidade dos diversos servizos técnicos ao prego de prescricións técnicas, e sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu íntegro exame pola Intervención”*.

Noveno.- Atendendo á dilixencia da Asesoría Xurídica de data 24/05/2023 recabáronse os informes dos servizos de Transportes, Electromecánicos-Fomento, Seguridade e mobilidade, Limpeza, Patrimonio Histórico e Parques e Xardíns, incorporándose consecuencia dos mesmos no PPT as addendas requiridas polos distintos servizos afectados.

Décimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Décimo primeiro.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para contratar **por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministrados da iluminación decorativa de Vigo nas Campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.**

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 07/07/2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16/05/2023.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de **9.487.585,80**, que inclúe un IVE de **1.646.605,80 €** , durante catro anos desde o 1 xullo de 2023 o cal se imputará a partida 4310.2279900 “Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal” co seguinte desglose:

ANUALIDADE	CUSTE NETO	IVE	IMPORTE (IVE engadido)
2023	1.424.796 €	299.207,16 €	1.724.003,16 €
2024	1.917.795 €	402.736,95 €	2.320.531,95 €
2025	2.016.795 €	423.526,95 €	2.440.321,95 €



Concello de Vigo

2026	2.066.595 €	433.984,95 €	2.500.579,95 €
2027	414.999 €	87.149,79 €	502.148,79 €
TOTAL	7.840.980	1.646.605,80	9.487.585,80 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(609).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO AO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E CMSS. EXPTE. 2926/315.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta do 20/07/2023, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 3 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 6 de marzo de 2023 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 21 de marzo de 2023.

Terceiro.- Durante o prazo conferido para o efecto presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. EULEN SEGURIDAD, S.A.
2. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de marzo de 2023, procedeu á apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Tras a mesma, acordou admitir neste procedemento aos citados licitadores e procedeu á apertura do Sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

Quinto.- Na sesión do 3 de maio de 2023 a Mesa de Contratación aceptou o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 21 de abril de 2023 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, abriu, en acto público, o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores admitidos e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Sexto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de xuño de 2023 tomou razón dos escritos presentados por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. o 5 de maio de 2023 (documentos nº 230123202 e 230124219) nos que formula as seguintes alegacións:



Concello de Vigo

1. [...] Se admite al licitador: EULEN SEGURIDAD, S.A., siendo que según consta en diferentes medios la referida EULEN SEGURIDAD, S.A. está inhabilitada por un periodo de siete meses para firma de contratos con el sector público.(*)
 2. En el acta de apertura del sobre C, aparentemente aparece error al indicar las cifras de las ofertas, siendo que se indica: "Reducción do prezo ofertado" cuando debería ser Precio Ofertado.
 3. En la misma columna que se indica en el punto dos es necesario aclarar que el precio que indica mi representada es por anualidad, dado que de otra manera la cifra no tendría ningún sentido y con mayor razón al tratarse de la actual adjudicataria del servicio.
- (*) Para un mayor abundamiento de la información señalada en el escrito anterior y como complemento del escrito en relación con lo señalado en el punto 1. de este escrito, queremos acompañar la "Resolución exclusión temporal" de la Comunidad Autónoma de la Rioja [...].

A Mesa tomou coñecemento dos referidos escritos e acordou contestar ao citado licitador no seguintes termos:

1. "Que feitas as oportunas comprobacións no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público, constátase que EULEN SEGURIDAD, S.A. está incurso nunha prohibición de contratar imposta por resolución da Ministra de Hacienda y Función Pública de data 24 de febreiro de 2023, por un prazo de 7 meses desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023. A prohibición de contratar esténdese a todo o sector público e produce efectos desde a súa inscrición no Rexistro de Contratistas.
2. Que na acta do 3 de maio, no cadro resumo da apertura das proposicións avaliadas a través de fórmula, indicouse o criterio de adjudicación cando efectivamente se tiña que ter reflectido o prezo sen IVE proposto polos licitadores admitidos.
3. Respecto da aclaración de que o prezo ofertado é anual:
 - O xefe da Área de Benestar Social expón que do orzamento detallado presentado polo licitador no Sobre C se pode deducir, en atención ao número de horas indicado, que o prezo ofertado se corresponde cunha anualidade.
 - A vogal suplente do interventor xeral sinala que a oferta se axusta ao modelo de proposición recollido no PCAP e nin a oferta nin o orzamento detallado presentados polo licitador indican que o prezo ofertado sexa anual e entende, á vista das alegacións presentadas no que se pon de manifesto a existencia dun erro, que o licitador recoñece que a oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP), polo que debe ser rexeitada seguindo o criterio sostido na sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Justicia de Madrid do 2 de febreiro de 2022 - resolución nº 74/2022- e na resolución nº 89/2022, do 25 de maio, do Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi.
 - A titular da Asesoría Xurídica e o Servizo de Contratación entenden que o criterio do servizo xestor é razoable pero que a posición da Intervención resulta máis segura xuridicamente.

O xefe da Área de Benestar Social formula voto particular ao entender que debería ser aceptada a aclaración de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e admitida a súa oferta, seguindo o criterio do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón no seu acordo 050/2017, do 19 de abril de 2017”.

Á vista do anterior, a Mesa acordou, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra do xefe da Área de Benestar Social para os puntos 2 e 3:

1. Excluir deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023.
2. Excluir deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador reconece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP)

Na mesma sesión formulouse proposta ao órgano de contratación para declarar deserto este procedemento “[...] *porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023*”.

Sétimo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 8 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023”.

Oitavo.- En data 19 de xuño de 2023, D. Javier Zamora Barrios, en nome e representación de EULEN SEGURIDAD, S.A. (documento nº 230170370), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Noveno.- O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, acordou en resolución nº 46/2023 do 30 de xuño de 2023, a adopción da medida cautelar de suspensión deste procedemento.

Décimo.- En data 29 de xuño de 2023, D. Horacio Juan Reyes Crespo, actuando en nome e representación de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (en adelante, SEGURSYSTEM ou o recurrente) interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023 de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) “por entender que o licitador reconece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable, así como o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, adoptado na sesión do 8 de xuño de 2023, de declaración de deserto do citado procedemento.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.



Concello de Vigo

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do exclusión do recorrente así como a declaración de deserto son susceptibles de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valer o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurese unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.



Concello de Vigo

O escrito de interposición do recurso deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Concello e remitido polo servizo de contratación ao TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adjudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

O recurso foi interposto no Rexistro do concello en data 29 de xuño. Dado que os acordos impugnados foron notificados e obxecto de publicación o día 15 de xuño de 2023, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente, no fundamento xurídico primeiro do seu escrito, comeza relatando os antecedentes do procedemento de licitación claves para motivar a impugnación do acordo de exclusión.

Así, comeza expoñendo que na sesión da Mesa de Contratación do 3 de maio procedeuse a apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos no citado procedemento co seguinte resultado:

Licitador	prezo ofertado sen IVE	Incremento do horario anual
EULEN SEGURIDAD, S.A.	245.886,65 €	150h.
SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.	71.323,42 €	150h.

Tras a apertura, o recorrente presenta un escrito o 5 de maio de 2023 no que aclara que "(...) es necesario aclarar que el precio que indica mi representada es por anualidad, dado que de otra manera la cifra no tendría ningún sentido y con mayor razón al tratarse de la actual adjudicataria del servicio". No entanto, a Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023, acorda:

"Respecto da aclaración de que o prezo ofertado é anual:

- O xefe da Área de Benestar Social expón que do orzamento detallado presentado polo licitador no Sobre C se pode deducir, en atención ao número de horas indicado, que o prezo ofertado se corresponde cunha anualidade.
- A vogal suplente do interventor xeral sinala que a oferta se axusta ao modelo de proposición recollido no PCAP e nin a oferta nin o orzamento detallado presentados polo licitador indican que o prezo ofertado sexa anual e entende, á vista das alegacións presentadas no que se pon de manifesto a existencia dun erro, que o licitador reconece que a oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP), polo que debe ser rexeitada seguindo o criterio sostido na sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Justicia de Madrid do 2 de febreiro de 2022 - resolución nº 74/2022- e na resolución nº 89/2022, do 25 de maio, do Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi.
- A titular da Asesoría Xurídica e o Servizo de Contratación entenden que o criterio do servizo xestor é razoable pero que a posición da Intervención resulta máis segura xuridicamente.

O xefe da Área de Benestar Social formula voto particular ao entender que debería ser aceptada a aclaración de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e admitida a súa oferta, seguindo o criterio do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón no seu acordo 050/2017, do 19 de abril de 2017”.

Tras no aceptar as aclaracións do licitador, a mesa acordou:

“Excluír deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador reconece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP)”.

Así como:

“Excluír deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023”.

Tras acordar a exclusión dos licitadores admitidos, formulou proposta ao órgano de contratación de declaración de deserto do procedemento. Esta foi acordada pola XGL o 8 de xuño de 2023.

Impugna o recurrente a súa exclusión razoando que no sobre C, xunto coa oferta económica, axuntouse un orzamento detallado do servizo, e que tendo en conta as horas ofertadas e o seu importe, así como as horas diarias esixidas no prego de prescricións técnicas (todos os días laborables: 14 horas diarias para CEDRO e 2 horas diarias para o CMSS), *“resulta evidente que ese número de horas indicado (3444 para CEDRO y 490 para CMSS) se corresponde con una anualidad, esto es, 246 y 245 días laborables”.*

O fundamento xurídico segundo versa sobre a suposta debida exclusión do recurrente. Considera que neste caso concorre o suposto previsto no artigo 84 do RCAP que dí:

“Si alguna proposición no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento por parte del licitador de



Concello de Vigo

que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable, será desechada por la mesa, en resolución motivada. Por el contrario, el cambio u omisión de algunas palabras del modelo, con tal que lo uno o la otra no alteren su sentido, no será causa bastante para el rechazo de la proposición”.

E considera que *“la manifestación realizada en el escrito aclaratorio presentado no hace más que especificar que el precio ofertado es por anualidad sin que de ello se derive que la licitadora haya reconocido que su oferta contiene un error que la hace inviable, como resulta de la decisión adoptada por la Mesa de Contratación”.* En defensa do seu argumento trae a colación o acordo 050/2017, de 19 de abril de 2017, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, citada polo xefe da área de Benestar Social no seu voto particular evacuado na sesión da Mesa de 1 de xuño de 2023, na que se acordou excluír ao licitador.

Na súa opinión *“La oferta presentada lo fue en cómputo anual y debió ser presentada en cómputo trianual. La aclaración presentada no supuso una modificación de la oferta, sino una simple aclaración. En todo caso, la aclaración del importe de la oferta, indicando que ese precio corresponde a una anualidad de servicio no está huérfana de otro apoyo en la documentación presentada para la licitación pues, como se ha explicado, el presupuesto detallado unido a la oferta económica confirma que el precio está referido a un periodo anual (...) Basta una simple operación aritmética para determinar el cómputo del valor total de la oferta presentada”.*

Continúa razoando que o feito de que non existan máis licitadores no procedemento, polo que non se verían comprometidos os principios de igualdade así como o de concorrencia, que proscribe que sexan excluídas proposicións por erros facilmente subsanables, tal e como, na súa opinión, se deduce de varias resolucións de tribunais especiais en materia de contratación.

Se ben, a xuízo da informante o recorrente ten razón en afirmar que a doutrina, tanto xurisprudencial como administrativa, é unánime en afirmar que se o error se corrixe facilmente cunha simple operación aritmética procedería admitir a aclaración e non excluír ao licitador. No entanto, o certo é que no caso que nos ocupa, non é tan sinxelo como aparenta ser. Porque o certo é que, tal e como dí o recorrente, en primeiro lugar hai que acudir a outro documento achegado coa oferta, se ben non é obxecto de valoración, o orzamento detallado, así como ao prego técnico para saber as horas semanais a realizar en cada un dos centros. Unha vez obtidos estes datos, as horas anuais recollidas no orzamento detallado es necesario dividilas polas horas diarias que esixe o prego técnico. Máis o problema é que no caso de CEDRO resultan 246 días laborables, e no caso de CMSS, son 245. Xa non coincide o número de días laborables ao realizar a operación.

O certo é que o prego de prescricións técnicas particulares establece 14 horas diarias para CEDRO de luns a venres, e sempre que estes días non sexan festivos. E no caso dos CMSS tampouco establece 2 horas de luns a venres, senón que tamén exclúe os festivos. Así, establece a cláusula 4:

“4. HORARIOS.

4.1. CEDRO:

O servizo será prestado por un vixilante de seguridade sen arma, no seguinte horario e cun máximo de dúas (2) quendas de persoal: de 07:30h a 21:30h, os luns, martes, mércores, xoves e venres da cada semana, sempre que non coincidan cos festivos.

A xefatura de CEDRO, excepcional e xustificadamente, poderá modificar o horario de apertura ó público das dependencias ou actividades. De repercutir esa modificación no horario do servizo de vixilancia e seguridade, a decisión será inmediatamente comunicada ó contratista.

4.2. CMSS:

A vixilancia e seguridade nos CMSS de Benestar Social realizarase durante dúas (2) horas no horario de atención ó público e todos os días laborables. A distribución desas 2 horas entre os distintas CMSS será planificada e decidida pola xefatura do Servizo de Benestar Social, en función das necesidades apreciadas”.

A cousa se complica máis se buscamos o número de días laborais que teñen os anos do contrato, que ten un prazo de 3 anos (apartado 4.A da FEC do PCAP) e abarca as seguintes anualidades:

- ano 2023: 248 días hábiles (o ano ten 365 días, aos que temos que restar 52 sábados e 53 domingos, así como os 12 días festivos que non caen en fin de semana).
- Ano 2024: 255 días hábiles (é un año bisesto, e ten 366 días, aos que temos que restar 52 sábados e 52 domingos, así como os 7 días festivos que non caen en fin de semana).
- ano 2025: 261 días hábiles (o ano ten 365 días, aos que temos que restar 52 sábados e 52 domingos, así como os 10 días festivos que non caen en fin de semana).
- ano 2026: 254 días hábiles (o ano ten 365 días, aos que temos que restar 52 sábados e 52 domingos, así como os 7 días festivos que non caen en fin de semana).

Polo tanto, aplicando a resolución nº 926/2018, de 11 de outubro de 2018 que cita o recorrente, a cal determina que non é posible admitir a oferta se os termos da oferta son susceptibles de varias lecturas, non é posible acoller a tese do licitador, por canto a interpretación realizada pola mesa de contratación foi correcta. Así, dí a citada resolución ao realizar unha interpretación do citado artigo 84 do RCAP que:

“En virtud de ello, se infiere el verdadero alcance del artículo 84 RGLCAP, cuya impronta debe circunscribirse a aquellos casos en los que el error del que adolece la proposición del licitador es salvable mediante la lectura de la propia oferta o de la documentación que, requerida por el pliego, la acompañe. Ésta ha sido la línea seguida de manera constante por este Tribunal, que, si con carácter general ha negado la posibilidad de subsanar o aclarar los términos de las ofertas (Resoluciones 164/2011, 246/2011, 104/2012, 268/2012, 16/2013, 117/2013, 151/2013), ha rechazado la exclusión de aquéllas en las que el error



Concello de Vigo

podía salvarse de maneira inequívoca con la documentación presentada (Resoluciónes 84/2012, 96/2012, 237/2012, 278/2012), pero no, en cambio, cuando los términos de la oferta son susceptibles de varias lecturas (Resolución 283/2012)”.

Á vista do exposto polo recorrente, procede propoñer ao Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo recorrente.

-VI-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corraxir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No presente expediente, o Tribunal xa acordou en resolución nº 46/2023 do 30 de xuño de 2023, a adopción da medida cautelar de suspensión do procedemento.

-VII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

13(610).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez